DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Alberte Reboreda

BARCIA DE MERA

*notas de toponimia, historia e patrimonio*

Vol 1

# BARCIA DE MERA

## *notas de toponimia, historia e patrimonio*

Alberte Reboreda



PARROQUIA A PARROQUIA

Vol 1. CONCELLO DE COVELO

Cubierta de BARCIA DE MERA.indd 1 5/4/21 12:09

MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 1 22/4/21 21:58

*Barcia de Mera. Notas de Toponimia, historia e patrimonio*
*Texto e fotos: Alberte Reboreda 2020*
*Coordinación: Suso Iglesias*
*Deseño Gráfico e ilustracións: Víctor Coyote*
*Unha publicación do Concello de Covelo*
*coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra*
*e a colaboración da asociación Terra por Terra BARCIADEMERA.*
*Imprime: Aceroplus. Ponteareas.*

*Depósito legal: PO92-2021*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 2 22/4/21 21:58

# BARCIA DE MERA

*notas de toponimia, historia e patrimonio*

## PARROQUIA A PARROQUIA
## Vol 1. CONCELLO DE COVELO

Alberte Reboreda



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 3 22/4/21 21:58






MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 4 22/4/21 21:58

# A MODO DE AGRADECEMENTO

*Posiblemente non sexa merecente de participar nesta traballo máis que por ter a honra de ser e desempeñar o cargo de alcalde, e aceptar a invitación da Asociación Terra por Terra para facer unha humilde achega a un traballo que vén iluminar parte da historia do noso pobo a través dos topónimos ou "chamadeiros" da parroquia de Barcia de Mera.*

*Os últimos que nacemos na antiga casa da avoa, cando aínda non se ía parir aos hospitais da cidade, lembramos o nome do lugar que nos viu nacer, incluso antes que o da parroquia ou concello, e por iso cando falamos de toponimia me salta como un lóstrego ao recordo o fitotopónimo A Xesteira, e con ela as vellas corticeiras que acubillaron os meus primeiros tombos. Os que tivemos a sorte de pasar a nosa infancia e xuventude nunha aldea na que aínda se traballaban as leiras, tamén lembramos o nome de cada veiga dende a feliz melancolía que sempre nos traen as lembranzas do pasado.*

*Por esta razón quero dar as grazas, primeiramente á Asociación Terra por Terra e tamén a Suso Iglesias, por artellar esta idea que necesitou da colaboración de moitas persoas e na que as veciñas e veciños de Barcia de Mera tiveron un papel principal na recompilación da memoria material e inmaterial da parroquia; á Comunidade de Montes en Man Común pola súa achega documental, a Víctor Aparicio pola ilustración e á Deputación de Pontevedra por financiar esta edición.*

*O meu recoñecemento salientable a Alberte Reboreda, por levar a cabo un traballo feito dende o rigor histórico e a metodoloxía da investigación, cun profundo respecto polas fontes documentais e dende o recoñecemento de que tamén a lingua e os topónimos son vulnerables ao paso do tempo. Podemos asegurar que o documento que nos presenta mostra obxectivamente unha parte da historia do noso pobo a través da recompilación e o estudo etimolóxico dos nomes dos lugares que habitamos.*

*Ademais, o traballo de Alberte foi máis aló, pois mergullou no fondo dos arquivos para escudriñar nos vellos papeis e contarnos con minuciosa claridade os principios do noso tempo como pobo, que, como a historia da humanidade, é tan breve no devir do mundo como as faíscas que saltan do lume.*

*A todos vós, o meu máis sincero agradecemento.*

*Alcalde*
*Juan Pablo Castillo Amigo*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 5 22/4/21 21:58



*O primeiro autobús da empresa  Estévez. Un  Chevrolet  dos anos vinte, na praza de O San Amaro. Na traseira, BARCIA DE MERA*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 6 22/4/21 21:58

# A TERRA DOS MIL NOMES

Suso Iglesias

*A xente de Barciademera nunca desaproveita a oportunidade de contar historias sobre Barciademera. O xeito de empezar acostuma ser recorrente. Que vai chover ou que está chovendo é unha das posibilidades, pois dende que se xubilou Santiago Pemán na "Galega" a meteoroloxía e a súa capacidade de adiviñar o futuro repartiuse entre o "Windgurú" e "Meteogalicia". No Parlamento dirían que se rachou o consenso e que iso só pode traer pésimas consecuencias.*

*Decir que "pasou o Pispote" é outra maneira de facelo con certas posibilidades de éxito. José A. Lourido "Pispote", percorrendo co seu chimpín a parroquia enteira, xa é un relato en si mesmo, o fío condutor de calquera historia sobre o que se anda a curtir por estas terras. Pispote sabe falar alemán, é gaiteiro (retranqueiro) e é sobre todo argalleiro. O "Fútbol Lama" é a súa paixón. E as Veigas da Barcia o seu hábitat.*

*Agás na fin de semana, que chegan os de Vigo, os do faladoiro acostuman ser os mesmos. Arrancan á hora da sesión vermú no Bar Pinzas e rematan á tardiña na terraza de Filomena. No medio, entre indagar que facía por Sabaxáns o Pispote ou poñerse de acordo en que, efectivamente, xa non chove, sucédense acaloradas discusións referidas todas elas ao pasado e ao presente da parroquia. O futuro case nin se toca.*

*Alfred Hitchcock engadíalle aos seus argumentos unha historia secundaria capaz de manter acesa por si mesma a curiosidade do espectador ata o final da película, coa posibilidade de contarlle polo medio outras cousas. Hitchcock chamoulle a iso "macguffin". Os "macguffins" son historias que apuntalan a personalidade dos seus protagonistas, pero que nos levan a ningures. O cineasta inglés chegou a iso despois de discorrer persecucións, complots e asasinatos. Aos habituais de Filomena chégalles con dúas fra-*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 7 22/4/21 21:58

*ses, "vai chover" ou "pasou o Pispote", para iniciar un relato cheo de intriga. Podemos pensar en que a xente de Barciademera non sabe falar doutras cousas, pero é mentira. Os "macguffins" (Pispote, Windgurú, Meteogalicia) só son o fío condutor. A desculpa. O que importa é o que vai polo medio: eruditos e apaixonados debates sobre temas diversos. Barciademera vai xunto ou separado?. As orixes da parroquia están no barrio de Mera?. No San Xoán do Mosteiro había realmente un mosteiro?. Os canteiros que fixeron a Reitoral eran portugueses?. Como hai que chamarlle a esa casa do barrio de Espiñeiro: casa da Inquisición, casa do Souto?. Por que se lle chama A Corcoveira ao lugar onde vive Juan "O Corvo"?. A curva do Marito é a de arriba ou é a de abaixo?. Cantas escaleiras ten a Fonte do Portarredondo?. E así ata que remata o día.*

*Cousas coma esas son as que conta Alberte Reboreda, historiador, veciño de Mondariz e arqueólogo, neste libro. No primeiro volume da colección "Parroquia a Parroquia" aparecen proxectados máis de mil topónimos, coas súas etimoloxías, a súa xeolocalización e as súas pequenas historias. Sabían que Carredás e Caxil son topónimos únicos e exclusivos de Barciademera?. Que Barciademera escrito todo xunto aparece por primeira vez en escritos oficiais a partir de 1930?. E que este asunto levanta ronchas entre os veciños?.*

*Sensible ao sentir da maioría, Uxía Estévez, veciña do San Amaro, escribía recentemente no seu Facebook que "o noso topónimo é Barciademera todo xuntiño, que cando o dis semella que che sae mel da boca". Estou de acordo con Uxía. Aínda que é preciso matizar que o seu bisavó, José María Estévez, non o tiña tan claro. Este veciño emprendedor, que trouxo a principios dos anos trinta a locomoción e a luz eléctrica á parroquia, decidiu ante a dúbida rotular o primeiro autobús que mercara, no 1929, das dúas maneiras. Barciademera e Barcia de Mera.*

*O autor deste libro pateou durante meses a parroquia coa actitude deportiva dos "cazadores de palabras", ata completar a súa fazaña de chegar aos mil nomes. Sempre con sabedoría, compromiso e paciencia. O historiador*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 8 22/4/21 21:58

*falou sobre todo cos vellos, que son os que atesouran a memoria do pasado (Rita de Redondo, Celeste do Nelas, Pepe da Xastra, Aurea e Clemente, Lola, Antonio…), ata completar unha listaxe de informadores entre os que tamén houbo xente moza (Inés de Redondo, Pedro do Piñeiro, Javier e Nacho do Pazo), o que nos vén a demostrar que o futuro aínda non está perdido.*

*Aos nomes de barrios, casas, cruces, cruceiros, ríos, veigas e camiños achéganselle neste libro reflexións e documentos sobre a historia da parroquia e do seu rico patrimonio. En distintas etapas da historia houbo en Barciademera mercado os mércores e feira o cinco de cada mes. Cando o Conde de Salvaterra lle comprou á Igrexa o Couto de Barciademera, a actual parroquia, no 1568, o prezo de cada "vasallo" foi de 7.000 marabedís, 320 € de agora. No 1835 Casteláns e O Piñeiro xuntáronse a Barciademera coa pretensión de ter concello propio e de pór a capital nesta última parroquia. Cando o Marqués de Ensenada redactou o seu célebre catastro en 1753 só no Río Caraño había 28 muíños. Foi a mediados do século XVI, cando se produciu en Barciademera a primeira vaga de emigración a Lisboa.*

*A Deputación e o Concello tiveron a ben converter este libro, "Toponimia, historia e patrimonio de Barcia de Mera", no primeiro volume dun proxecto oportuno, "Parroquia a Parroquia", sobre a toponimia do municipio de Covelo. Ogallá a maioría dos veciños reciba a súa edición con ledicia. Porque o que máis lle gusta á xente de Barciademera é falar de Barciademera.*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 9 22/4/21 21:58




*O mesmo autobús da empresa Estévez. Na dianteira, BARCIADEMERA*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 10 22/4/21 21:58

# INTRODUCIÓN

O libro que tedes nas vosas mans aborda o rescate e estudo da toponimia da parroquia covelense de Barcia de Mera a partir da xeolocalización de todos os seus chamadeiros populares. Partindo dunha revisión do Nomenclátor de Galicia, as bases para o estudo dos nomes de lugar apoiouse nos testemuños orais, así como no Diccionario Madoz (1846), a obra de Ávila y la Cueva (1852) e a Geografía General del Reino de Galicia (1936). Tamén se tiveron en consideración os arquivos de referencia para esta freguesía: municipal (en particular os libros de amillaramento de 1946), diocesano e Histórico Provincial de Pontevedra, nomeadamente o Catastro do Marqués de la Ensenada.

O obxectivo foi compilar e estudar a etimoloxía das principais nomeadas de Barcia de Mera, en particular as dos núcleos de poboación ou topónimos maiores, con especial atención ás características históricas e orográficas de cada lugar. Para o caso das etimoloxías escuras achéganse hipóteses apoiadas na bibliografía de referencia.

A maiores pareceunos oportuno incorporar unha síntese histórica e patrimonial de Barcia de Mera que nos ofrecese unha perspectiva global da nosa freguesía, desde a prehistoria ata os nosos días. Como é sabido a toponimia tampouco responde a un único estrato crono-cultural, senón que se manifesta en todas as etapas da historia, de aí o interese por incorporar esta visión xeral, holística.

Por último incluímos unha aproximación ao patrimonio cultural de carácter material que pon o foco nos principais recursos patrimoniais da parroquia. Neste apartado achegámonos aos principais referentes arquitectónicos, etnográficos e enxeñerís da antiga "Mera", desde o seu monumental conxunto parroquial formado pola igrexa e pazo abacial, as pontes históricas –da Alén ao Portafurado, pasando polas pontes de San Xoán do Mosteiro e Vilanova–, o legado da emigración de Agapito Serra en Redondo, ou as construcións pastorís da serra que outrora ocuparon os veceiros da parroquia.

Oxalá que, lendo, gocedes tanto coma eu disfrutei escribindo este libriño que nos achega á historia dos seres humanos que habitaron a terra situada entre O Coto de Bidueiros e a fértil barcia do antigo río de Mera, que hoxe chamamos Alén.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 11 22/4/21 21:58

MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 12 22/4/21 21:58

# 1-OBXETIVOS E METODOLOXÍA

O traballo que aquí presentamos pretende facer unha aproximación histórica e etimolóxica da toponimia maior de Barcia de Mera. Ao mesmo tempo quixemos revisar e actualizar as nomeadas que figuran no Nomenclátor de Galicia de 2004, todos eles pequenos núcleos rurais identificados pola veciñanza como barrios ou lugares.

Prestamos especial atención á presenza / ausencia do artigo nos chamadeiros na fala local viva. Para a colleita dos topónimos non incluídos no Nomenclátor partimos da pregunta directa á veciñanza cualificada da parroquia, tendo en conta as directrices seguidas no Proxecto Toponimia de Galicia (Lorialpez/Castro/Feijoo/Lopez 2007: 753-765).

Os étimos presentados e as notas semánticas sobre as nomeadas responden, sempre que é posible, a fontes recoñecidas e autorizadas.

Optamos por agrupar os topónimos en base a un criterio de tipo toposemántico e, dentro de cada epígrafe, foron organizados por orde alfabética.

A toponimia é a división da onomástica que estuda os topónimos, nomes propios de lugares, a súa orixe e evolución, e é considerada unha parte fundamental da ciencia lingüística. Tamén se usa o vocábulo toponimia para referírmonos ao conxunto dos nomes dos sitios dun territorio concreto, neste caso a parroquia de Barcia de Mera. En calquera caso a toponimia está constituída polos nomes de carácter xeográfico ou topográfico e, con frecuencia, presenta unha íntima ligazón coa historia, a arqueoloxía e a xeografía.

O profesor Gonzalo Navaza (1992:9) afirma que os topónimos son un “testemuño de formas de vida do pasado (...) a concreción lingüística da vinculación histórica dun pobo coa súa xeografía”. Leva razón, pensamos, xa que, ante todo, os nomes de lugar son parte do noso patrimonio cultural, quizais o testemuño máis vulnerable do conxunto de bens que herdamos das xeracións que nos precederon, por iso debemos ser especialmente coidadosos con eles, aloumiñando a súa conservación e estudo, ao igual que facemos co patrimonio monumental, máis recoñecido socialmente.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 13 22/4/21 21:58

Por iso tamén estudosos como o profesor Dieter Kremer (2004:197) teñen sinalado que "no corazón de todo estudo onomástico levántase a cuestión do porqué, do motivo da elección e do acto de nominación. Aquí se encontran, por o dicir así, automaticamente todas as disciplinas: a etimoloxía, a lingua, a socioloxía, a historia e a literatura".



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 14 22/4/21 21:58

# 2-BARCIA DE MERA

Esta parroquia é unha das catorce que conforman o concello de Covelo. Ten unha extensión de 10,6 quilómetros cadrados e está adscrita ao arciprestado de Montes, diocese de Tui-Vigo. Barcia de Mera localízase ao noroeste do concello covelense, e limita ao Norte coa parroquia da Laxe (Fornelos de Montes), ao Sur con Casteláns; ao Leste co Piñeiro e Casteláns e ao Oeste coas parroquias de Sabaxáns (Mondariz) e As Estacas (Fornelos de Montes).

Segundo o Nomenclátor de Galicia (en diante NG) a parroquia está conformada polos seguintes lugares:

· A Alén[1]
· A Carballeira
· Carredás
· Caxil
· O Ceo[2]
· A Corcoveira
· Espiñeiro
· Mera
· Os Oleiros
· O Pazo
· A Peneda[3]
· As Pereiras
· Redondo
· O San Amaro
· Os Seixedos
· O Ucedo
· Vilanova

1 O NG recolle por erro o topónimo Alén sen artigo.
2 A veciñanza utiliza a forma plural do topónimo: Os Ceos.
3 O NG recolle por erro o topónimo A Peleda.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 15 22/4/21 21:58




*Barcia de Mera no Mapa do matemático Domingo Fontán de 1845*

Todos os núcleos de poboación de Barcia de Mera se localizan ao levante do río da Alén, agás os de Caxil e A Alén, que se sitúan na marxe dereita deste afluente do río Tea. Ambos os dous forman parte da Rede Natura 2000 da Unión Europea. Incomprensiblemente o río Caraño, ao igual que a Serra do Suído, aparecen excluídos desta rede de espazos naturais de importancia comunitaria que protexe unha serie de espazos naturais (nomeadamente hábitats prioritarios e zonas húmidas) de elevado interese ambiental, así como a súa flora e a fauna silvestre. Esta exclusión resulta de máis difícil xustificación cando a Unión Europea, en decembro de 2004[4], considerou que determinados tipos de hábitat e especies non estaban correctamente protexidos pola insuficiente cobertura que lles daban diversos estados europeos, entre eles España.

4 Diario Oficial da Unión Europea do 29.12.2004



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 16 22/4/21 21:58

A consecuencia é que, segundo o movemento ecoloxista, en Galicia a Rede Natura 2000 non medra, ao punto que en 2011 a superficie protexida era do 11,65% e hoxe, en 2021, é do 11,74%, unha das porcentaxes máis baixas de toda España e de toda a Unión Europea. A modo comparativo[5], Madrid protexe o 39,81% do seu territorio, Andalucía o 28,98%, Cataluña o 29,79% e o País Vasco o 20,22%.




*Situación de Barcia de Mera nun plano administrativo do concello de Covelo*

## 2.1 A Prehistoria

A mámoa nº 1 da Chan de Aradelas que, en realidade, se localiza na Chan dos Campiños, é o ben cultural máis antigo que coñecemos en Barcia de Mera. Datable no Neolítico (4500-2500 a.C) non se trata dun monumento funerario illado, senón que forma parte

5 https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/lic.aspx



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 17 22/4/21 21:58

dun conxunto formado por dous túmulos –o nº 2 está situado a 130 m ao sueste– dentro da freguesía do Piñeiro.

A mámoa nº 1 da Chan dos Campiños[6], que conserva "abundantes restos de coiraza" ten 12 m de diámetro e 1 m de altura. Presenta un cono de violación duns 3 m de diámetro e 30 cm de fondura.




*En amarelo, delimitación do castro do Coto do Garrido sobre o voo americano de 1956*

En Barcia de Mera non consta a existencia legal de ningunha aldea fortificada, datable na Idade do Ferro (s. VIII-s. 0). Con todo o outeiro coñecido hoxe como O Coto do Garrido, situado a 100 ao Sur da paraxe do Castro, posúe un patrón de localización homologable ao dun asentamento da segunda Idade do Ferro (AAVV; 2016:197). Trátase dun outeiro situado a 237 m. de altura que domina o val do río da Alén e presenta unha planta en forma de améndoa duns 10.000 metros cadrados. A 100 m ao Norte deste posible

6 GA36013057; foi catalogada en 2004 por Álvarez García e Lestón Gómez.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 18 22/4/21 21:58

xacemento documentamos, como xa se dixo, o revelador topónimo O Castro, nomeada que, cremos, foi a que identificou en orixe o coto amesetado que nos ocupa.

A maiores, en 1992, a Consellería de Cultura[7] catalogou en Barcia de Mera o topónimo As Caldas, significando que, malia que nel non se atoparon restos arqueolóxicos, "existe folcklore referido aos mouros que levaban a beber aos cabalos e deixaban marcadas as pegadas nas rochas", o que leva a pensar en gravados en forma de ferradura, un motivo frecuente no corpus de petróglifos de Galicia. Situado nun outeiro da serra, ignoramos a súa localización exacta, xa que na ficha non se achegan as coordenadas.

## 2.2 A Idade Media

O Mosteiro cisterciense de Santa María de Melón aparece como señor xurisdicional e principal posuidor de terras na parroquia desde a súa fundación en 1158 ata a desamortización de Mendizabal de 1835. Boa proba diso é a abondosa documentación que acredita o aforamento de terras e casais de titularidade monacal situadas en Barcia de Mera a distintos veciños. Outra das evidencias desta estreita vinculación é a existencia dunha cela ou celeiro de gran deste mosteiro na nosa parroquia, como máis adiante veremos.

A primeira atestación histórica que coñecemos de Barcia de Mera data de finais do século XII, cando a nosa freguesía aparece citada na documentación do Mosteiro de Melón xunto coa igrexa de Santa María de Reboreda (Redondela). Os documentos citan dous casales ou casas de campo, de probable titutaridade monacal, situadas na nosa freguesía:

> *"...et suam partem de ecclesia sanctae Mariae de Reuoreda et duos casales in Varcena de Mera, et vt praediximus haec fuit eius nouissima manda. nam prius in vita sua iam concesserent Mel ni vnum casale..."*

*Mosteiro de Melón; Data: 1177. Fonte: Cambón Suárez*

En febreiro de 1193[8], Alfonso IX dona ao Mosteiro de Melón "...totam illam hereditatem de Mera; ut illam cum suis terminis et directuris nouisimis et antiquis et cum omni iure hereditario sicut ad uocem regiam...". Trinta e cinco anos máis tarde, en 1228[9], o mesmo monarca confirma a doazón desta herdade.

7 GA36013TOP1; foi catalogada en 1992 por Alfonsín Soliño e Caramés Moreira.
8 Tumbo de Fr. Lorenzo Pérez de 1611. A. H. P. O., ms. 1361, Folios 285 v° e 286 r.
9 A.H.N. Signatura: Clero-Secular_Regular, Car.1440, N.16.

A mediados do século XIII[10] chega a nós a noticia de que o mesmo cenobio conta cunha cela (unha casa ou cámara para recoller e almacenar gran) na nosa parroquia. Daquela os frades de Santa María de Melón aforan una herdade a Juan Fernández e a súa muller e a Pedro Muñiz e a súa dona. A cambio pide de renda a terceira parte do pan, das leguminosas e do liño "annuatim per nostrum hominem ad nostrum cellarium de Mera".



*Documento de Alfonso X de 1255 confirmando "la heredad de mera" ao mosteiro de Melón.*

Afonso X, o rei sabio, en xaneiro de 1255[11], confirma ao mosteiro de Melón o privilexio de doazón "de la heredad de mera" outorgado por Afonso IX.[12]

10 A.H. N., Clero Melón, carp. 1443, núm. 13. Ano 1244
11 A.H. N., Clero-Secular_Regular,Car.1447,N.8
12 Imaxe da páxina: A.H.N., Clero-Secular_Regular,Car.1447,N.8



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 20 22/4/21 21:58

Pero o mosteiro melonense non era o único grande posuidor de bens na nosa freguesía. Tal e como documentou Joaquín A. Outerelo para a Comunidade de Montes, o Mosteiro de Acibeiro era titular dunha grande propiedade na Chao de Mos[13] que acabaría vendendo aos veciños de Barcia de Mera.

A documentación que se conserva[14], e que xenerosamente nos cedeu a CMVMC da parroquia, permite constatar que o desaparecido mosteiro da Franqueira tamén era propietario de terras na nosa freguesía.

Grazas a un pergamiño[15] temos constancia tamén de que no ano 1264 unha muller, de nome Teresa García, doa ao mosteiro melonés unha herdade "na igrexa de Mera". A carta foi outorgada ante Arias Pérez, notario en "terra de Soveroso" de mandado de Ferrán Fernández.

En 1267[16], o cenobio de Melón afora "essa nosa herdade que foy de noso casal de Varzea de Mera que chaman do Ryal quomo parte per agua que chaman de Marcos Aras et da outra parte quomo parte per la fonte de Moo et fere en rio de Mera". Esta paraxe do Rial, un hidrónimo abundancial de río (Nicandro Ares, 2013:1248) tamén foi xeolocalizada no noso traballo[17].

En 1311[18] temos noticia de que o mesmo mosteiro de Melón entabla un preito co cabaleiro Alfonso Pérez de Lougares pola usurpación, por parte deste, do dereito de patronato e presentación sobre a igrexa de San Martiño.

O medievalista Hipólito de Saa (1984:3) cre que en Barcia de Mera "a parroquia era rexentada por sacerdotes presentados polos monxes" (de Santa María de Melón), un dato que aparece consignado nos libros parroquiais.

Para garantir os seus ingresos, os frades dos cenobios –tamén os de Melón– deciden crear unha rede de coutos, maiormente, arredor do edificio do mosteiro. Unha parte deles sitúase no Val do Tea, caso dos de Lougares, o do Val de Tielas, o de Rozas ou o de Barcia de Mera, que coincide grosso modo coa delimitación da parroquia actual. Tal e como sinala López Sabatel, que estudou con detalle as terras do mosteiro de Pantón

13 A.H.N., Clero-Secular_Regular L.20259
14 A.H.N. Clero-Secular_Regular, L.10036.
15 A.H. N., Clero-Secular_Regular,Car.1450,N.15
16 A. H. N., Clero Melón, carp. 1451, núm 8.
17 Coordenadas 42.26638, -8.40465.
18 A. H. N. Clero Oia, carp. 1817, n.° 18.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 21 22/4/21 21:58

(2018:144) os coutos señoriais son "espazos estreitamente ligados a atribucións xurisdicionais e á colonización eclesiástica, que foron utilizados amplamente para precisar xeograficamente o territorio parroquial por medio de coñecidos accidentes xeográficos ou elementos históricos. Emprazamentos, todos eles, que orixinariamente tamén foron empregados para delimitar as superficies acoutadas e deste modo fixar o máximo alcance físico de xurisdicións civís e criminais", por iso "moitas freguesías e incluso municipios do presente non son máis que prolongacións temporais, en canto ás súas dimensións, dos antigos coutos monásticos."

"A fisonomía dos coutos non diferiu do modelo clásico de explotación señorial habitual ao longo da Idade Media, conservando un núcleo onde o cenobio ocupou a posición predominante, xunto coas pertinentes edificacións para o almacenamento e transformación dos diferentes produtos, e os terreos agrícolas e forestais orientados a cubrir as inmediatas necesidades dos monxes. Á marxe deste espazo reitor atopábanse as diversas unidades de hábitat e explotación, xa fosen vilas, casais ou simples herdades, sobre as que recairon os dereitos dominicais e xurisdicionais do mosteiro."



Detalle dun documento de 1568 no que se describen os límites do couto de Barcia de Mera.

Un pergamiño[19] manuscrito redactado o 4 de maio de 1568 define os límites do couto de Barcia de Mera aos efectos da súa venda ao Conde de Salvaterra:[20]

> *"Comiença enel porto de mera donde se mete en el rio alauga y dende a Hi (allí) biene la dha (dicha) demarcación por el rrio arriba asta es derecho a la ermida de santomé[21] y al marco de piedra que están en el coto de la dha (dicha) ermita y dende allí a la piedra que está y se dize de carballos y dende allí dzo (derecho) al marco de carboal y dende allí a la casa del chao*

19 Pergamiño 5-19r, que se corresponderse da venda do couto xurisdicional do couto de Barcia de Mera ao Conde de Salvaterra, o mesmo que cita Benito Viceto en 1873.

20 Imaxe da páxina: Arquivo Histórico Provincial de Ourense; Signatura 1-CP-0000008/0005. Cedido pola CMVMC de Barcia de Mera.

21 Esta capela, hoxe desaparecida, situábase dentro do que hoxe é a parroquia de Sabaxáns (Mondariz), en concreto ao norte do núcleo da Paxareira. A paraxe na que se levantou esta ermida (42.253184, -8.409590) aínda se denomina na actualidade Santo Tomé.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 22 22/4/21 21:58

*do fojo y donde señalaron una cruz y dende allí a dho (derecho) a la dha (dicha) demarcación al chao. Deste do (donde) y dende allí ba derecho la dha (dicha) demarcación a donde se parten tres juzdiciones (jurisdicciones) conbie (conviene) a saber la dha (dicha) jurdición (jurisdicción) de barcia de mera y la de sobroso y la judición (jurisdicción) de lougares (...)".*



*Un dos claustros do Mosteiro de Melón*

A principal fonte de ingresos dos mosteiros, entre eles o de Melón, eran os foros, xa fosen temporais ou perpetuos. Por medio deles os frades cedían aos seus vasalos unha serie de terras, herdades ou casais a cambio dunha renda anual en especie (viño, cebada, centeo, trigo, pan, gando, etc.). Impostos como a loitosa, un tributo que os vasalos debían satisfacer aos seus señores cando morría algún dos membros da familia, contribuían a agrandar os recursos dos monxes e a dependencia dos seus súbditos.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 23 22/4/21 21:58

Así, nun documento redactado en galego datado en 1463[22] lemos as condicións de aforamento da cuarta parte do Casal do Porto por parte do Mosteiro de Santa María de Melón na que obriga a "Gonçalo perez de Savangaas ea vossa moller Dominga annes" a deixar anualmente unha serie de froitos no seu celeiro de Barcia de Mera[23]: "Et dedes a nos en cada huun anno por fforos vos e as ditas vozes huun almude[24] de trigo e outro almude de castanias seecas e limpias e sseer o trigo e as castannas medidas por medida de Rredondella e aduzerdes o dito foro ao nosso çeleyro de Varzena de mera e non chantedes castineiros hu collades pam nen vinno".

Tamén do século XV, en concreto de febreiro de 1417, data un foro do mosteiro de Santa María de Melón polo que este afora a Martín Eáñez e a súa muller unha herdade no coto de Mera e a metade dun souto.

Outro documento, este datado en 1443, informa que o mesmo mosteiro de Melón afora a Rodrigo de Mera e a súa dona María Estébez a metade do casal da "Fonte de Mera", con todas as súas pertenzas, e unha herdade sita na veiga da nosa parroquia.

Benito Viceto (1873:51) foi o primeiro historiador en dar a coñecer un documento polo que Barcia de Mera, de forma progresiva, deixa de depender do Mosteiro de Melón en favor do Conde de Salvaterra. Así mesmo proba como durante a Idade Media os señores xurisdicionais vendían as persoas por cabezas, igual que o gando. Así o fixeron "en 1568[25] el abad y monjes de Melón que vendieron sus vasallos de los cotos de Rozas, Tielas, Barcia de Mera y Longares al conde de Salvatierra con la luctuosa, servicio jurisdición civil y criminal, alto y bajo imperio, á razón de siete mil maravedises cada vasallo, -contando cada dos viúdas y dos clérigos por uno, -pero reservándose la jurisdicción civil y criminal necesaria para cobrar aventadizos (prestación señorial) y hacerlos efectivos." As condicións desta venda serán explicitadas de novo por escrito 52 anos máis tarde, en 1620[26].

22 O mosteiro de Santa María de Melón afora a Gonzalo Pérez, a súa muller e dúas voces, a cuarta parte do casal do Porto. A. H. N., Clero Melón, carp. 1463, nº 5.
23 No núcleo de Mera documentamos a Casa da Tulla nas coordenadas 42.25338, -8.40225. A tipoloxía desta casa responde á dunha casa tradicional da Idade Moderna de moi boa factura. Ten eira de mallar lousada, canastro de dous claros e un bo eido orientado ao sur. Aparece separada do rueiro por un portal monumental coroado por unha cruz latina florenzada e un peche granítico de grande altura decorado cunha cornixa de gola ou cimeira recta.
24 Medida de capacidade antiga empregada para cereais, áridos e líquidos.
25 Escrito de los vecinos e Barcia de Mera en el pleito, etc. Compilado por José Ramón Fernández. Vigo. 1861. Imprenta de J. Compañel
26 A.H.N. Clero-Secular_Regular,4909,N.16



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 24 22/4/21 21:58

## 2.3 A Idade Moderna

Segundo Fariña Jamardo (1993:455) entre os séculos XV e XVIII Barcia de Mera, xunto coas parroquias de Campo e Fofe, estaban baixo a xurisdición das Achas, aínda que o señorío pertencía, como acabamos de ver, ao Conde de Salvaterra.

Dos anos 1631 e 1632[27] datan os "Apeos de Uma, Santa Baya de mera, Santa Baya de mato y otros muchos lugares" que acreditan que o mosteiro da Franqueira tamén tiña propiedades na nosa freguesía, nalquel entón dedicada, non a San Martiño, senón a "santo andres de uarcia mera", segundo este documento.

No ano 1637 temos noticia de que o bacharel Antonio Álvarez, "abbad y Retor cura del beneficio curado de San Martín de Barcia de Mera" obtivo a "liçençiatura" na facultade de teoloxía na Universidade de Santiago de Compostela (Cabeza de León; 1947:107-111). A acta realizada despois das probas afirma que "hecho el juramento de Constitución, hauiendo leído se votó sobre aprobación y regulados los votos salió aprouado por todos los dichos Doctores, Maestros examinadores per similes litteras AAAAAAA ab omnibus nemine discrepante[28]". A nova non é menor, xa que Antonio Álvarez é o primeiro párroco de Barcia de Mera que coñecemos en obter o título de licenciado en teoloxía, un antecedente intelectual doutros relixiosos da nosa parroquia e, á súa vez, grandes promotores de obras que asombrarán á comarca do Condado-A Paradanta ao longo do século XVIII, como veremos de seguido.

Paradoxalmente non temos documentación que acredite a existencia dun mosteiro medieval no lugar homónimo que acolle unha capela barroca construída na primeira década do s. XVIII na que se gravou esta inscrición:

> *"Hizo esta capilla a su costa el LZDº (licenciado) Don Alberto Bello[29], comisario de la Santa Inquisición, abad e hijo de cvº (vecino) de esta. Año 1709".*

Non é a referencia máis antiga que temos desta capela, xa que "no ano 1616, o Visitador diocesano mandou que os veciños a retellaran, pois tiña unha parte caída" segundo Fuertes Palomera (2013:25).

O mesmo autor sinala que "no ano 1642 afírmase que nela non se pode celebrar Misa,

27 A.H.N. Clero-Secular_Regular,L.10036
28 Esta expresión latina tradúcese como "sen discrepancia de ninguén".
29 O Catastro de la Ensenada informa que na parroquia exercía un único avogado, "Anselmo Vello", quizais irmán de Alberto Bello.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 25 22/4/21 21:58

a causa dunha levada que ten na súa herdade Dominga Fernández (...) na parte darriba da ermida; as augas asolágana e enchen de lodo, polo que no ano 1649 disponse que se cambie para outro lugar máis apropiado, e o mesmo se repite nas visitas de 1661 e 1668. Neste ano o Abade, D. Antonio Pérez Rivera, fai unha anotación: «La hermita de Nuestra Señora del Mosteiro la hize a mi costa sin que la feligresia diese cosa alguna»". Chegados a este punto cabe deducir que esta é a capela que reedificou Alberto Bello en 1709, aínda que non é doado de saber con certeza xa que ningún dos abades precisa o alcance das obras acometidas.

Volvendo ao Alberto Bello comisario da Santa Inquisición en Barcia de Mera, a súa figura é a que "simboliza a figura clásica dos comisarios; o que representa realmente aos inquisidores, e, en definitiva, o que obtén o título, e con el, a praza e o cargo en propiedade". Reciben o seu título dos Inquisidores Xerais "coa finalidade de desempeñar unhas funcións determinadas na praza concreta para a que son designados como representantes dos inquisidores" (Juanto Jiménez; 2019:286). As funcións dos comisarios era recoller probas da comisión de delitos de herexía para envialas ao tribunal da Inquisición e incluso practicar detencións, perseguir a tenza de libros heréticos, evitar o contrabando de mercadorías prohibidas e o tráfico ilegal de armas, moeda e cabalos..

Existían comisarios de «partido», «episcopal», «de porto de mar» e «de sitio ou lugar fronteirizo». Xa que logo, en razón da situación e realidade de Barcia de Mera, Alberto Bello debeu ser "comisario de sitio" ou de partido.

Non temos máis datos sobre este abade e funcionario inquisitorial, pero si sobre o seu sobriño[30], Alberto Barreiro Bello, do que nos ofrece máis información Antón Fraguas (1958:256):

> *"Natural de San Martín de Barcia de Mera, diócesis de Tuy. Ingresó en el Colegio en junio de 1705.*
>
> *En claustro de 14 de octubre de 1711 oposita a la cátedra de Artes, sin obtener éxito[31].*
>
> *En claustro de 13 de mayo de 1712 gana la cátedra de Artes, a la que opositaron don Diego de Andrade, don Juan Mesura y Somoza, don Alejandro de la Peña, don Fernando Eiriz y don Fernando Montenegro,*

30 Segundo Núñez Pascual e Fontoira Surís (1990)

31 A. U. De Santiago: Libro de Claustros de 1702-1710. Fol. 419. Y Libro de Claustros de 1710-1716, fols. 78 v., 79 r. y v.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 26 22/4/21 21:58

*los cuales se retiraron.*

*El 29 de enero de 1716 oposita, sin éxito, a la cátedra de Vísperas de Teología*[32]*.*

*En claustro de 11 de junio de 1718 se le nombra sustituto de don Pablo Angel de Aldao en la cátedra de Teología y Vicerrectoría de San Jerónimo, de cuyos cargos le dispensa una cédula del Real Consejo por llevar veintidós años al frente de ellos*[33]*.*

*Fué Abad de Barcia de Mera por espacio de veintisiete años. En el año 1740 hizo el cuerpo de la iglesia y su torre, y además, el famoso puente el año 1746, y en 1751 la casa rectoral. Falleció el 5 de enero de 1761*[34]*."*




Detalle da localización dos mosteiros de Melón e A Franqueira no mapa do Reino de Galicia de Fernández Ojea de 1635

Sabemos tamén que un Alberto Bello Barreiro gañou por oposición (27 votos contra 17) a cátedra de Artes da Universidade de Santiago de Compostela o 29 de xaneiro de 1716, un cargo que ocupou temporalmente o Padre Jerónimo Romay en substitución de Antonio Pérez (Beltrán de Heredia; 1973:269).

Xa que logo, no ano 1753, cando se redacta o Catastro de la Ensenada, o cura de Barcia

32 A. U. de Santiago: Libro de Claustros de 1710-1716, fols. 120 v., 434.
33 A. U. de Santiago: Libro de Claustros de 1716-1722, fol. 154.
34 Caravelos: Op. cit., páx. 160.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 27 22/4/21 21:58

de Mera era este mesmo Alberto Barreiro Bello, que naquela altura tiña 65 anos, "dos criadas y un criado menor de 18". Vexamos agora como era a nosa freguesía da man deste documento, o máis completo e importante de cantos se redactaron durante a Idade Moderna para coñecer a realidade social e económica da parroquia que nos ocupa.

A principal fonte para seguir o rastro de Barcia de Mera durante o que se deu en chamar Século das Luces é este catastro realizado na Coroa de España por iniciativa de Zenón de Somodevilla y Bengoechea (1702-1781), máis coñecido como o Marqués de la Ensenada, ministro do rei borbón Fernando VI. O propósito deste catastro, realizado en todos os núcleos de poboación da coroa, entre eles todas as parroquias do Reino de Galicia, era levar a cabo unha reforma fiscal que simplificase nun único imposto todos os tributos que percibía o Estado.

O Catastro está conformado por unha serie de documentos moi precisos e detallados elaborados a partir do testemuño dun grupo de "peritos expertos" de cada parroquia que radiografían os ingresos, ocupación e bens de cada familia. Un deses documentos é o interrogatorio, un conxunto de 40 preguntas e respostas sobre a realidade de Barcia de Mera do ano 1753 que transcribimos a continuación.

## Ynterrogatorio dela Fra de S. Martín de Barcia deMera

*En la feligresía de san Pedro Félix de Lougares y casa de Domingo da fonte audiencia señalada para esta operación a ocho días del mes de Maio año de mil setencientos cinquenta y tres, el señor Dn Bernardino Antonio de Barros, Subdelegado de la real única contribución por ante mi, escribano, que como tal le asisto a dar fe de los autos que a ella concernientes teniendo a su presencia a Joseph Rivera, Regidor Juez pedanio de la feligresía de San Martín de Barcia de Mera, en la que no ay escribano de número ni auntamiento, Marcos da Riveira, Benito de Vales, Rosendo da Bouza y Benito González, de esta vecindad, peritos expertos nombrados por dicho Juez Pedanio, Francisco de Ferreiros, vecino de san Pedro de Dimo y Manuel de Guillán de la santa Comba de Louza, peritos inteligentes así mesmo electos por parte de S. Mt[35]. y todos los arriba citados un animes y de igual conformidad a presencia de dicho señor y de Dn Alberto Varreiro cura Párroco de ella en consecuencia del auto proveído y que se halla en los de la operación de la citada feligresía a fin de evacuar las respuestas Generales del Ynterrogatorio por lo a ella conducente, dicha Justicia y expertos*

35 Abreviatura de "Su Magestad".



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 28 22/4/21 21:58

después de haber jurado según se requiere de que doi fee, digeron que teniendo presente la real instrución e interrogatorio de la letra A que les ha sito manifestado, ynterrogado por dicho Señor Subdelegado, para examinarse, y sercionarse de lo a uno y otro conducente como lo han ejecutado con el maior anhelo que les fué posible a fin de dar la más indibidual razón a los que en el se contienen como prácticos en la Población y por los informes que han inquerido con la ??? fatiga correspondiente para el acierto en asunto de tan superior importancia y en que se interesa tanto la real Piedad de S.M para el alivio de sus basallos declaran a cada capítulo lo siguiente.

*1ª Cómo se llama la Población.*

*Al primero Capítulo de dicho Ynterrogatorio dixeron que esta feligresía se dice y nomina de San Martín de Barcia de Mera de tiempo inmemorial a esta parte como es constante, público y notorio y responden.*




*Situación de Barcia de Mera nun mapa xurisdicional da provincia de Tui (en amarelo) en 1753. Fonte: Castro Redondo (2019)*

*2ª Si es de Realengo o de Señorío: a quién pertenece: qué derechos percibe y quánto producen.*

*Al segundo capítulo dijeron que dicha feligresía es de señorío del Conde de Salvatierra, vecino de la villa de Madrid, a quién por lo referido paga cada vecino casado y betado un real de vellón, y a más de ello, percibe quatro reales vellón derecho de luctuosa de cada vecino caveza de casa que fallece en el término, que un año con otro equivalen a la cantidad de quatrocien-*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 29 22/4/21 21:58

*tos y cinquenta Reales vellón, incluso setenta a que asciende la luctuosa, y el regidor Juez Pedáneo de esta feligresía le nombran los vecinos en junta plena y al que sale electo por maior número de botos le expide su título de nombramiento y aprobación para el uso y ejercicio de su empleo, el Juez y Justicia ordinaria de la Jurisdición de las Achas puesto por otro conde como dueño Jurisdicional y por lo mismo conoce de sus causas civiles y criminales en activo y pasivo fuero, a excepción de en lo Político y concejil que quanto a esto es tan sujetos al Juez real, así intitulado de el partido de Cubelo puesto por el Conde de Amarante, remítese a los papeles de pertenencias que en orden a ello, tenga el motivado Dueño Jurisdiccional los que contemplan efectivos y presentará según es de su obligación y responden.*

*3ª Qué territorio ocupa el Término : quánto de Levante a Poniente, y de Norte al Sur: y quánto de circunferencia, por horas y leguas: qué* ***linderos, o confrontaciones; y qué figura tiene, poniéndola al margen.***

*Al tercero capítulo dixeron que dicha feligresía tendrá de distancia de Levante a Poniente media légoa, de Norte a Sur tres quartos de una, y de circunferencia légoa y media que para caminarla se ocuparan dos horas, linda principiando por el Norte en la Cruz de Porto Manco, de allí al Marco de Portochán, de este a Pedra da Anduriña, de allí al Coto de Salgueiros, de allí a Cubela, de allí al marco de San Thomé, de allí a la escoleira, de allí a Pedra do rial do Forno, de allí al Puzo das Pombas, de allí río arrriba a Cruz de Anguieiro, de allí al Marco de Subrido, de allí a Pedra das Adegas, de allí a Lama do Loureiro, y de allí al sitio nombrado da Cruz do Porto Manco, primera demarcación su figura la del margen.*

*4ª Qué especies de Tierra se hallan en el Término; si de Regadío, y de Secano, distinguiendo si son de Hortaliza, Sembradura, Viñas, Pastos, Bosques, Matorrales, Montes, y demás que pudiere haver, explicando* ***si hay algunas que produzcan más cosecha al año, las que fructifica-*** *ren sólo una, y las que necesitan de un año intermedio de descanso.*

*Al capítulo quarto dixeron que la especies que se hallan dentro de los términos de esta feligresía son tierras de sembradura de regadío, y secano, tierra de hortaliza, y alguna con su plantío de frutales, parras, prados de regadío, y secano, sotos Dehesas de particulares, montes vajos cerrados de particulares, y también comunes abiertos, y otras terras de sembradura producen sin interrupción una cosecha al año, y por lo que respecta a los*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 30 22/4/21 21:58

*montes vajos cerrados, y de Particulares estos siendo de primera calidad de la de el término se rompen cada veinte años, los de segunda cada quarenta, y los de tercera cada sesenta años, y de los montes comunes en ningún tiempo se rompen ni producen fruto ni de ello ay experiencia en el paraje, y responden.*

*5ª De quantas calidades de Tierra hay en cada una de las especies que hayan declarado, si de buena, mediana, e inferior.*

*Al capítulo quinto dijeron que las calidades de tierras que ai en cada una de las especies que se inclúen en el referido término así en lo labradío, como en los montes bajos de particulares cerrados desobresí, son de primera, segunda y tercera calidad de la que el término de su especie, y los montes comunes y abiertos todos son inútiles por naturaleza, y reponden.*

*6ª Si hay algún Plantío de Arboles en las Tierras que han declarado, como Frutales, Moreras, Olivos, Higueras, Almendros, Parras, Algarrobos, etc.*

*Al capítulo sexto dixeron que las especies de árboles que ai en el referido término son perales, manzanos, limoneros y parras y responden.*

*7ª En quales Tierras están plantados los Arboles que declararen.*

*Al capítulo septimo dijeron que los referidos árboles frutales se hallan plantados en las tierras de ortaliza en las de sembradura y parras, y responden.*

*8ª En qué conformidad están hechos los Plantíos, si extendidos en toda la Tierra, o a las márgenes: en una, dos, tres hileras; o en la forma que estuvieren.*

*Al capítulo octabo de dicho Ynterrogatorio dixeron que los referidos árboles se hallan plantados dispersamente sin regla, ni orden, a los márgenes de la tierra y estendidos en ella, y responden.*

*9ª.- De qué medidas de Tierra se usa en aquel Pueblo: de quántos pasos o varas Castellanas en quadro se compone: qué cantidad de cada especie de granos, de los que se cogen en el Término, se siembra en cada una.*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 31 22/4/21 21:58

*Al capítulo nuebe dijeron que la medida de que comunmente se usa en dicha feligresía y su comprehensión es solamente un ferrado de sembradura de centeno que consta de treinta baras castellanas en quadro, el qual sembrándose de trigo lleva de semiente los tres quartos de un ferrado y sembrándose de maiz lleva la quarta parte de otro de la misma especie, y responden.*

*10ª Qué numero de medidas de Tierra havrá en el Término, distinguiendo las de cada especie y calidad: por exemplo: tantas Fanegadas, o del nombre que tuviese la medida de Tierra de Sembradura, de la mejor calidad: tantas de mediana bondad, y tantas de inferior; y lo propio en las demás especies que huvieren declarado.*

*Al capítulo diez de dicho Ynterrogatorio dixeron que dentro de dicha feligresía y su término abrá tres mil seiscientos sesenta y tres ferrados de tierras, y de estos nuebezientos ferrados de sembradura de labradío regado, los duecentos de ellos de primera calidad, tres cientos de la segunda y los quatrocientos restantes de la terzera = setecientos y cinquenta ferrados de sembradura de labradío secano, los ciento y cincuenta de ellos de primera calidad, ducientos y cincuenta de la segunda y los trescientos y cinquenta restantes de la tercera = veinte ferrados de sembradura de tierra de hortaliza, los quatro de ellos de primera calidad, siete de la segunda, y los nuebe restantes de la tercera = cien ferrados de sembradura e parras, los veinte dellos de primera calidad, treinta de la segunda, y los cincuenta restantes de la tercera = quarenta ferrados de sembradura de Prados de regadío, los seis de ellos de primera calidad, doze de la segunda, y los veinte y dos restantes de la tercera = ciento y treinta ferrados de sembradura de prado secano, los veinte de ellos de primera calidad, cinquenta de la segunda, y los sesenta restantes de la tercera = tres ferrados de sembradura de soto, el uno dellos de primera calidad, otro de la segunda, y el otro restante de la tercera = cinquenta ferrados de sembradura de Dehesas de particulares, los ocho de ellos de primera calidad, diez y siete de la segunda y los veinte y cinco restantes de la tercera = Quinientos y setenta ferrados de sembradura de montes vajos cerrados de particulares, los ciento de ellos de primeira calidad, ducientos de la segunda, y los ducientos e setenta restantes de la tercera = Mil y cien ferrados de sembradura de montes comunes y abiertos todos inútiles por naturaleza que solo sirven para pasto común de ganados y responden.*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 32 22/4/21 21:58



Panorámica da barcia do río da Alén e a igrexa de San Martiño

*11ª.- Qué especies de Frutos se cogen en el Término.*

*Al capítulo once de dicho Interrogatorio dijeron que la especies de frutos que se cojen en dicha feligresía son trigo centeno, maiz, vino, castañas, coles y otras legumbres, y responden.*

*12ª.- Qué cantidad de Frutos de cada género, unos años con otros, produce, con una ordinaria cultura, una medida de tierra de cada especie y calidad de las que huviere en el Término, sin comprehender el producto de los Árboles que huviese.*

*Al capítulo doze de dicho Yinterrogatorio dijeron que un ferrado de tierra de labradío regadío, siendo de primera calidad de la de el término sembrada de trigo producía un año con otro con una hordinaria cultura siete ferrados, sembrado de centeno producirá seis; y sembrado de Maíz producirá siete ferrados de la misma espezie, un ferrado de tierra de regadío de segunda calidad sembrado de trigo, producirá cinco ferrados, sembrado de centeno, producirá quatro, y sembrado de Maíz, producirá seis ferrados de la misma especie = un ferrado de tierra regadía de tercera calidad en la que en dicha feligresía no se siembra trigo sembrada de centeno producirá tres ferrados y sembrado de Maíz, producirá quatro ferrados de la misma especie = una medida de tierra de secano de primera calidad sembrada de trigo producirá un año con otro con una hordinaria cultura cinco ferrados, sembrada de centeno producirá quatro, y sembrada de Maíz, producirá seis ferrados de la mesma especie = una medida de tierra de secano de segunda calidad sembrada de trigo producirá quatro ferrados, sembrada de centeno producirá tres, y sembrada de Maíz, producirá quatro ferrados de la misma especie = una medida de tierra de secano de tercera calidad en la que en dicha feligresía no se siembra trigo, sembrada de centeno producirá dos ferrados*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 33 22/4/21 21:58

| *A Poza do Cura* | *O San Amaro* | *Sen protección legal* | *42.25932, -8.40223* |
| *Ponte de Portafurado* | *Portafurado* | *Catalogada*[56] | *42.26407, -8.39817* |
| *Fonte de Portafurado* | *Portafurado* | *Sen protección legal* | *42.26524, -8.39923* |
| *O Castro / O Coto do Garrido* [57] | *Os Seixedos* | *Sen protección legal* | *42.27038, -8.40155* |
| *Capela de San Xoán do Mosteiro* | *San Xoán do Mosteiro* | *Catalogada* [58] | *42.28024, -8.40568* |
| *Ponte de San Xoán do Mosteiro* | *San Xoán do Mosteiro* | *Catalogada* [59] | *42.282, -8.40498* |
| *Cruceiro de San Xoán do Mosteiro* | *San Xoán do Mosteiro* | *Sen protección legal* | *42.2796, -8.40582* |
| *A Fonte Santa* | *San Xoán do Mosteiro* | *Sen protección legal* | *42.28305, -8.40326* |
| *Cruceiro do San Amaro* | *O San Amaro* | *Sen protección legal* | *42.26065, -8.3994* |
| *Ponte da Alén e calzada lousada* | *A Alén* | *Sen protección legal* | *42.26259, -8.40643* |
| *Puza da Fontaíña* | *A Alén* | *Sen protección legal* | *42.26368, -8.40783* |
| *Puza do Rego da Auga* | *A Alén* | *Sen protección legal* | *42.26438, -8.41123* |
| *Ponte de Caraño* | *A Peneda* | *Sen protección legal* | *42.27174, -8.39408* |
| *Fonte de Caraño* | *A Peneda* | *Sen protección legal* | *42.2718, -8.39438* |
| *Muíños (4) de Portafurado* | *Portafurado* | *Sen protección legal* | *42.26457, -8.39979*[60] |
| *Peto de ánimas da Petanuda* | *Carredás* | *Sen protección legal* | *42.26582, -8.3996* |
| *Puza da Chan de Pino* | *Carredás* | *Sen protección legal* | *42.26691, -8.39896* |
| *Muíño do Caraño* | *Carredás* | *Sen protección legal* | *42.2699, -8.39589* |

53 Ata o ano 1740 foi a Capela de San Amaro. No ano 1837, sendo abade Juán M. Pérez, sufriu un engadido no muro Sur.

54 Catálogo do PXOM de Covelo aprobado definitivamente o 19.05.1999 (DOG do 30.06.1999)

55 Catálogo do PXOM de Covelo aprobado definitivamente o 19.05.1999 (DOG do 30.06.1999)

56 Catálogo do PXOM de Covelo aprobado definitivamente o 19.05.1999 (DOG do 30.06.1999)

57 Catálogo do PXOM de Covelo aprobado definitivamente o 19.05.1999 (DOG do 30.06.1999)

58 Ausente do Catálogo da DXPC da Consellería de Cultura.

59 Catálogo do PXOM de Covelo aprobado definitivamente o 19.05.1999 (DOG do 30.06.1999)

60 Estas coordenadas correspóndense coas do Muíño de Baixo. O Muíño do Porteiro está nas coordenadas 42.26466, -8.39979; o Muíño do Medio localízase nas coordenadas 42.2648, -8.39973; o Muíño de Arriba está nas coordenadas 42.26499, -8.39975.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 58 22/4/21 21:59

| | | | |
|---|---|---|---|
| Muíño da Carabela | Carredás | Sen protección legal | 42.26907, -8.39669 |
| Muíño do Retortoiro | O San Amaro; río Caraño | Sen protección legal | 42.25944, -8.39822 |
| Muíño de Talaveira | O San Amaro; río da Alén | Sen protección legal | 42.26007, -8.40788 |
| Fonte do Outeiro | O Outeiro | Sen protección legal | 42.25797, -8.39462 |
| Fonte da Bodega | O Outeiro | Sen protección legal | 42.25994, -8.39543 |
| Fonte da Ponte Vella / do Campo | O Outeiro | Sen protección legal | 42.26045, -8.39558 |
| Capela de San Xosé | Redondo | Catalogada [61] | 42.25621, -8.3913 |
| Palco de Música de Redondo | Redondo | Sen protección legal | 42.25594, -8.39132 |
| Escola de Redondo | Redondo | Sen protección legal | 42.25591, -8.39104 |
| Fonte das Eiras | Redondo | Sen protección legal | 42.25937, -8.39367 |
| Fonte de Escarbón | Redondo | Sen protección legal | 42.25869, -8.39241 |
| O Cruceiro / A Pedra Furada | Redondo | Sen protección legal | 42.25803, -8.39018 |
| Fonte da de Rosa | Redondo | Sen protección legal | 42.26009, -8.39162 |
| A Mina do Coto | Redondo | Sen protección legal | 42.2612, -8.39256 |
| Fonte do Cotiño | Redondo | Sen protección legal | 42.25689, -8.394 |
| Fonte de Bidrio | Redondo | Sen protección legal | 42.25552, -8.3938 |
| Fonte e Puza por baixo da Cavada do Sr. Agapito | Redondo | Sen protección legal | 42.25417, -8.39098 |
| Fonte das Grallas | Redondo | Sen protección legal | 42.25369, -8.39487 |
| Os Pasos de Lourido | Redondo | Sen protección legal | 42.25727, -8.38824 |
| Muíño do Coxo | Redondo | Sen protección legal | 42.25643, -8.38789 |
| Portal monumental de 1784 | Redondo | Sen protección legal | 42.25876, -8.39193 |
| A Mina do Coto | Redondo | Sen protección legal | 42.2612, -8.39256 |
| Fonte da Ponte Vella ou Fonte do Campo | Redondo | Sen protección legal | 42.26045, -8.39558 |
| Fonte da de Rosa | Redondo | Sen protección legal | 42.26009, -8.39162 |
| Muíño do Coxo | Redondo | Sen protección legal | 42.25643, -8.38789 |
| Muíño do Porto | A Corcoveira | Sen protección legal | 42.267, -8.40641 |
| Ponte de Vilanova ou Ponte de Mera de Abaixo | Vilanova; río Caraño | Sen protección legal | 42.25087, -8.39697 |
| Muíño de Xacinto | Mera de Abaixo | Sen protección legal | 42.25205, -8.39735 |
| Muíño da Ameixeira | Mera | Sen protección legal | 42.25154, -8.40664 |
| Pasos da Ameixeira | Mera | Sen protección legal | 42.2527, -8.40657 |
| Muíño da Cesteira | Mera de Abaixo | Sen protección legal | 42.25081, -8.40561 |
| Fonte de Mera / Fonte de Arriba | Mera | Sen protección legal | 42.25347, -8.40139 |
| Fonte de Abaixo | Mera | Sen protección legal | 42.25326, -8.40167 |
| Puza das Roleiras / do Eido do Capador | Mera | Sen protección legal | 42.25307, -8.4018 |
| Muíño de Arriba | Mera | Sen protección legal | 42.25458, -8.3973 |
| Muíño do Medio | Mera | Sen protección legal | 42.25516, -8.39698 |
| Pasos da Barcia | Mera | Sen protección legal | 42.25609, -8.40576 |
| Puza do Eido do Portugués | Mera | Sen protección legal | 42.25497, -8.40298 |
| Muíño do Carreto | Mera de Abaixo | Sen protección legal | 42.24893, -8.3969 |
| Fonte do Barreiro | A Alén | Sen protección legal | 42.26734, -8.40895 |
| Poza do Cachete | A Alén | Sen protección legal | 42.26669, -8.40782 |

61 Catálogo do PXOM de Covelo aprobado definitivamente o 19.05.1999 (DOG do 30.06.1999)



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 59 22/4/21 21:59

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Poza da Pedreira* | *A Alén* | *Sen protección legal* | *42.2662, -8.40827* |
| *Muíño das Regadas* | *A Alén* | *Sen protección legal* | *42.26468, -8.40596* |
| *A Puza da Fonte* | *Caxil* | *Sen protección legal* | *42.27138, -8.40639* |
| *A Ponte Vella* | *Caxil* | *Sen protección legal* | *42.26992, -8.40535* |
| *Muíño do Pumariño* | *Caxil* | *Sen protección legal* | *42.27219, -8.40478* |
| *Muíños (2) da Moa* | *Caxil* | *Sen protección legal* | *42.27491, -8.40584* |
| *Muíño da Poza do Loureiro* | *Caxil* | *Sen protección legal* | *42.26873, -8.40664* |
| *Fonte da Rosiña*[62] | *Caxil* | *Sen protección legal* | *42.27068, -8.40778* |
| *Puza das Canles* | *Caxil* | *Sen protección legal* | *42.26912, -8.40976* |
| *Casa brasonada do Souto* | *A Carballeira* | *Sen protección legal* | *42.26358, -8.40142* |
| *Fonte de Tatín* | *A Corcoveira* | *Sen protección legal* | *42.26696, -8.40273* |
| *Puza de Tatín* | *A Corcoveira* | *Sen protección legal* | *42.2668, -8.40301* |
| *Lavadoiro dos Muíños da Tola* | *O Coto* | *Sen protección legal* | *42.24982, -8.38899* |
| *Muíño da Tola de Arriba* | *O Coto* | *Sen protección legal* | *42.25036, -8.38916* |
| *Muíño da Tola de Abaixo* | *O Coto* | *Sen protección legal* | *42.2502, -8.38919* |
| *A Puza da Fonte* | *Os Oleiros* | *Sen protección legal* | *42.2788, -8.39734* |
| *Mámoa da Chan de Aradelas*[63] | *Os Oleiros* | *PBA da Xunta de Galicia* | *42.28868, -8.3925* |
| *A Poza de Portarribón* | *Os Oleiros* | *Sen protección legal* | *42.28843, -8.40163* |
| *Muíños (3) dos Oleiros* | *Os Oleiros* | *Sen protección legal* | *42.28317, -8.39641* |
| *Almiñas do Souto* | *Os Oleiros* | *Sen protección legal•* | *42.27979, -8.39695* |
| *A Puza das Pedras* | *Espiñeiro* | *Sen protección legal* | *42.26182, -8.40495* |
| *Fonte de Espiñeiro* | *Espiñeiro* | *Sen protección legal* | *42.26129, -8.40204* |
| *A Choza de Barcia de Mera* | *Monte comunal* | *Sen protección legal* | *42.31944, -8.37093* |
| *O Sesteiro de Barcia de Mera* | *Monte comunal* | *Sen protección legal* | *42.32075, -8.36831* |
| *A Choza de Mera* | *Monte comunal* | *Sen protección legal* | *42.3208, -8.36737*[64] |
| *A Choza de Redondo* | *Monte comunal* | *Sen protección legal* | *42.32094, -8.36736*[65] |
| *A Choza de Vilanova* | *Monte comunal* | *Sen protección legal* | *42.32108, -8.36738*[66] |
| *A Choza de Penouzos* | *Monte comunal* | *Sen protección legal* | *42.30311, -8.3911* |
| *A Choza da Carballa do Nabal* | *Monte comunal* | *Sen protección legal* | *42.31042, -8.38411*[67] |

62 Esta fonte está agora dentro dun cuberto, pero antes estaba ao pé do camiño e a xente bebía dela.
63 Este xacemento arqueolóxico é o ben cultural máis antigo de todos os que, a día de hoxe, coñecemos na parroquia. A datación deste tipo de enterramentos colectivos sitúase entre o 4.500 e o 2.500 a.C
64 A vexetación impide visualizar con exactitude a súa localización, polo que as coordenadas son aproximadas.
65 A vexetación impide visualizar con exactitude a súa localización, polo que as coordenadas son aproximadas.
66 A vexetación impide visualizar con exactitude a súa localización, polo que as coordenadas son aproximadas.
67 A vexetación impide visualizar con exactitude a súa localización, polo que as coordenadas son aproximadas.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 60 22/4/21 21:59

Mención aparte merece un capítulo orixinal do patrimonio inmaterial da nosa freguesía: os maritos. Recuperados ao longo dos últimos anos pola asociación local Terra por Terra, os maritos eran unha celebración festiva que tiña lugar nas tardiñas dos domingos durante os meses de primavera e verán cando non había festas patronais na contorna de Barcia de Mera. O Marito da Petanuda[68], en Carredás e A Curva do Marito[69], en Mera de Abaixo, incluso acabaron formando parte da toponimia menor da parroquia.

A veciñanza conta que mentres que, durante as estacións frías (outono e inverno), os seráns ou festas populares de periodicidade semanal se celebraban en lugares pechados[70] (casas particulares, alpendres,cubertos), durante as cálidas (primavera e verán), trasladábanse a espazos abertos e convertíanse en maritos.

Descoñecemos a orixe do substantivo "marito", en apariencia "marido" (lat. maritus), "cónxuxe" en italiano, aínda que tamén podería ter a súa xénese no diminutivo do antropónimo Mario[71], quizais o nome persoal do seu promotor nun tempo pasado do que, na actualidade, xa non queda memoria.

No momento de abordar o estudo do patrimonio cultural de carácter material, baixo o noso punto de vista, os principais bens culturais de Barcia de Mera son os que seguen:

*1.- A Igrexa de San Martiño e o Pazo Abacial.*
*2.- San Xoán do Mosteiro.*
*3.- Conxunto dos muíños e Ponte de Portafurado. Pontes históricas.*
*4.- A escola e a capela de San Xosé de Redondo.*
*5.- Conxunto etnográfico de Bidueiros.*

## 3.1 A igrexa parroquial

O templo de San Martiño é un edificio de película, tanto no plano literal (arquitectónico) como no figurado. A principios da década de 1980 foi elixida polo director de cine Jaime de Armiñán para rodar unha escena da película "La hora bruja" (1985), protagonizada por Concha Velasco, Francisco Rabal, Victoria Abril; tamén por Asunción Balaguer e Sancho Gracia. A rodaxe, que tivo lugar en distintas localizacións da bisbarra (Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Covelo, Fornelos de Montes, etc.), realizouse tamén no

68 Coord. 42.26494, -8.40024
69 Coord. 42.25287, -8.39792
70 Semella que o marito que celebraba no que foi o Garaxe da Quina, en Redondo, incluíase dentro desta categoría.
71 Marito é, por exemplo, o seudónimo artísitico do cantor Mario Perrotta (Arxentina, 1960).



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 61 22/4/21 21:59

alto do campanario da igrexa de San Martiño, onde Victoria Abril e Paco Rabal fixeron de personaxes principais dunha escena namoradeira.

No Pazo Abacial da parroquia, convertido en en prisión para a ocasión, e nos camiños de San Xoán do Mosteiro rodáronse algunhas escenas da longametraxe "Paixón de María Soliña", a canguesa acusada en falso de bruxería en 1621. A cinta, que dirixiu Alfonso Castaño en 2012, ten a actriz Luma Gómez no papel principal.




*Detalle das plantas da igrexa e da casa reitoral debuxado en 1941 polo IGC*

Polo seu extraordinario interese, transcribimos o informe técnico elaborado por Fontoira Surís e Núñez Pascual en 1989 referido á declaración como BIC[72] do conxunto monumental de San Martiño de Barcia de Mera:

> *"Integrado pola igrexa parroquial, de proporcións grandiosas, e o singular Pazo-Abacial, constitúe, ademais de caso único en Galicia, a mostra máis relevante do patrimonio arquitectónico rural galego, elevado durante os séculos XVII e XVIII, grazas á fe e faraónicos soños dun pobo, curto en*

72 A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Pontevedra acordou o 10.07.1990 trasladar á Dirección Xeral o expediente de incoación do expediente de declaración de BIC. Lamentablemente esta iniciativa, como tantas outras, caeu en saco roto e o expediente nunca se tramitou por completo, de aí que hoxe en día, incomprensiblemente, o conxunto formado pola igrexa de San Martiño e o Pazo Abacial sigan sen ser recoñecidos pola Xunta de Galicia como Bens de Interese Cultural.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 62 22/4/21 21:59

*poboación e recursos, pero abnegado en sacrificios.*
*Perfectamente adaptado ao ambiente do lugar e á deliciosa contorna paisaxística que o enmarca, está situado sobre unha ladeira, con orientación ao mediodía, no concello de Covelo (Pontevedra), dependendo eclesiasticamente do Bispado de Tui-Vigo.*



*Vista aérea da igrexa de San Martiño*

## Traxectoria histórica

A variada documentación consultada, pertencente ao século XIV, confirma que os monxes bernardos de Santa María de Melón, á vez que exercían o Patronato e Provisión, «foron a un tempo señores feudais da parroquia e Couto de San Martiño de Barcia de Mera e, xa que logo, donos da Xurisdición Civil e Criminal, mero e mixto imperio que realizaban por medio dun Xuíz ou Meiriño do seu privativo nomeamento.»

Unha conxunción de importantes factores físicos como a abundancia de augas, solos fértiles, riqueza de pastos e bosques, máis outros socio-económicos, tales como a organización do rexime señorial e as transmisións hereditarias, favoreceron o rápido desenvolvemento do hábitat. Xa en pleno século XIII a «vila» viu como se levantaba, a carón da antiga ermida "do Mosteiro", baixo a advocación da Nosa Sra. da Asunción, un «çeleyro» (almacén grande), para que o mordomo dos cistercienses de Melón recolle-



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 63 22/4/21 21:59

se despois das colleitas o «Quiñón» e outros tributos debidos aos monxes, en virtude de arrendos, exaccións e foros. Destacamos como detalles curiosos, a gratuidade do transporte a cargo dos pagadores e o condicionante de que mentres dito mordomo e acompañantes permanecían en Barcia de Mera, levando o control directo e administración das posesións naquela área xeográfica, era obriga dos veciños darlles «de comer e beber comunalmente».

Polas actas das Visitas Pastorais de 11 de xullo de 1528, 29 de setembro de 1557 e 5 de outubro de 1566, podemos intuír o lastimoso estado que presentaba o vello edificio da Igrexa Parroquial –humilde, escuro e pequeno– cun tellado cuberto de palla debido á carencia de tella «la cumbrera dejaba traslucir la luz y la lluvia», «el arco triunfal acusaba peligrosas grietas», «en la nave era urgente la colocación de nuevas vigas», «procedía el encintado de muros y caleado de paredes interiores», «había que poner bancos para que pudieran sentarse los niños cuando iban a los Oficios», etc.

Mediante escritura de 4 de maio de 1568, os monxes de Melón enaxenaron a favor do conde de Salvaterra, don García Sarmiento, parte do señorío e os vasalos de Barcia de Mera, a razón de sete mil maravedís cada un coas loitosas e outros títulos de vasalaxe, entre eles, o dereito a emigrar, previo pagamento dun censo (gabella emigrationis), reservándose os vendedores anualmente certa cantidade en metálico, «doiscentos corenta e seis ferrados e un cuarto de centeo, trescentos sesenta e un de millo, trinta e unha galiñas e dous cuartillos de manteiga», prestacións que terían que aboar os foreiros ao Meiriño, cada 11 e novembro, festa de San Martiño, patrono titular de Barcia de Mera. Tamén mantiñan no Couto a Xurisdición Civil e Criminal necesaria para a garda e conservación dos seus bens, así como facer apeos con foros por renovación e despoxos.

Este acto ía ter grande trascendencia para o futuro desenvolvemento económico comarcal, pois cando nas postrimerías do século XVI (1564-1599) as malas colleitas, a fame, a peste asolaron a rexión, dito Conde, que tiña servido moi eficazmente a Felipe II na conquista de Portugal (1580), non só favoreceu o forte movemento migratorio cara Lisboa e logo a Brasil, senón que, mercede á súa influencia persoal facilitou aos seus honrados paisanos a incorporación aos gremios establecidos nas novas residencias, adquirindo, de inmediato, a condición de cidadáns.

A partires de 1616 xurde en Barcia de Mera o fenómeno indiano, evidenciándose un crecente auxe na vida parroquial. E como expoñente dese progreso económico, nado da emigración trunfante, vemos consignados nos libros parroquiais, o fomento e prosperidade das Confrarías, as doazóns de ornamentos e obxectos litúrxicos, a inquietude pola mellora e conservación da igrexa, que tamén se fai extensiva ás ermidas de San Amaro,



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 64 22/4/21 21:59

San Roque, Santo Tomé e á arcaica da Nosa Señora do Mosteiro. Tal actividade move aos veciños a explanar a meseta onde hoxe se asenta o templo, cerrar con muros o adro e poñerlle cancelas. Estes traballos finalizaron en 1642.

Na visita que leva a efecto (1672) o Prelado tudense, Don Bernardino León de la Rocha, mandou ao Abade, «entre otras buenas cosas», a actualización dos caudais, que se fagan os Libros de Contas e Petitorios, que «dore el viril y la toma y razón del que muera ab-intestato» para inverter o «quinto» da súa herdanza nas obras da Igrexa, pero como esta «no tiene Fábrica se reparta entre los feligreses los gastos, según el Haber de cada uno».

Tres anos máis tarde (1675), o bispo Fray Simón García Pedrejón, dispón o alargamento do corpo da Igrexa, pola parte da Epístola a conta dos veciños, «por no caber éstos a la Misa». Encárgase de facer os repartos e percibir o seu importe, o procurador xeral da freguesía Sebastián Fernández, que ante a demora na entrega de caudais, é preciso que o propio bispo o requira en 1677. Paralelo ao saneamento económico, prodúcese o estudo racional dos difíciles problemas que as obras de ampliación proxectadas plantean, tanto nos aspectos formais como estruturais.

Vista a inviabilidade e falta de coherencia da obra, óptase pola construción dunha nova Igrexa, máis ampla, fermosa e movida de formas, de acordo cos aires estilísticos do barroco santiagués.

A falta de Libro de Fábrica impídenos coñecer datos fundamentais para historiar o conxunto de Barcia de Mera. Desde tempo inmemorial (así queda rexistrado en 1625) os reparos da Igrexa é costume que os repartan entre si os fregueses, «el rico como rico y el pobre como pobre». A isto debemos engadir a ausencia de contratos, planos ou recibos. Unicamente os Libros de Confrarías nos permiten obter datos importantes, xa que os de Visitas ou Mandatos pola súa redacción extractada, respecto á execución das obras, resultan nulos para o coñecemento dos seus custes ou identificación do nome dos artífices que nelas deixaron impresas as pegadas dos seus xenios artísticos.

Da análise e valoración dos elementos arquitectónicos e o parco apoio documental, podemos deducir claramente que os traballos de reconstrución da nova Igrexa Parroquial, levados a bo ritmo, comezaron o ano 1.676, sendo Abade, Don Antonio Pérez Rivera, desenvolvéndose en dúas etapas sucesivas, perfectamante individualizadas e coa intervención de distintos obradoiros, a xulgar pola calidade de labra e estilo. A inicial, compartida polo referido Abade ata a súa morte e continuada, a partir de 1690 a 1733, polo Dr. Don Alberto Bello Barreyro, que exerceu o cargo de Abade durante 43 anos e medio.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 65 22/4/21 21:59

El foi o verdadeiro motor e principal contribuinte aos grandes gastos das obras. Nacera no lugar de Espiñeiro da parroquia de Barcia de Mera. Era home rico, ao punto que chegou a ostentar unha Comisaría do Santo Oficio da Inquisición do Reino de Galicia[73]. Finou o 14 de xullo de 1.733, tendo testado o 26 de xuño anterior, ante o escribán de número, Don Juan Estévez Gettino –Xurisdición das Achas–, declarando ter constituído fundación de vínculo, morgado e obra pía, ante Don Francisco de Castro, escribán da Xurisdición de Salvaterra.

No transcurso daquela primeira fase ergueuse a Igrexa en case a súa totalidade, a excepción das fermosas bóvedas de ricas claves e terceletes cubertas, sancristía, conclusa esta en 1740, durante a segunda etapa, polo sobriño do anterior Abade, igualmente chamado Alberto, pero cos apelidos invertidos: Barreyro y Bello, que deixou gravado o escudo das súas armas nas claves circulares situadas nos centros das bóvedas que rematan o corpo do cruceiro e a sancristía.



*Armas de Alberto Barreyro y Bello gravadas na clave da sancristía*

Nada se sabe do mestre de arquitectura, autor do conxunto monumental de Barcia de Mera. Indubidablemente é un compostelán de escola, pero non nos atrevemos a aventu-

73 Temos constancia de que un tal Pedro Tomedo, de 78 anos de idade e residente en Barcia de Mera, figura nunha "Relación de Familiares que al presente hay en el Reino de Galicia" vinculados coa Santa Inquisición datada no ano 1641. Este listado está conformado por un total de 218 nomes (A.H.N. Sec. Inq. Leg. 2900). Xa que logo, cómpre deducir que Alberto Bello non foi o primeiro representante da Santa Inquisición que houbo na nosa parroquia, aínda que si puido ser o primeiro comisario.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 66 22/4/21 21:59

rar un nome, porque neses momentos son varios os de probada calidade que brillan con luz propia na urbe santiaguesa, seguindo os ditados de Domingos de Andrade. O que si queda palmariamente demostrado é que nestas obras non teñen participación algunha os monxes de Melón, como reiteradamente se ten mantido.

## Retablos

Cando aínda non finalizaran as obras de fábrica da igrexa parroquial de Barcia de Mera, as irmandades das Benditas Ánimas do Purgatorio e a da Nosa Señora do Rosario, impulsadas polo abade, Dr. D. Alberto Barreyro Bello, decidiron o 5 de xullo de 1739 contratar co Mestre de Arquitectura e Escultura Francisco Alonso de Castro, veciño do Porriño, a construción de dous retablos «por el precio de tres mil seiscientos seis reales de vellón. Y por la miseria de los tiempos y años calamitosos no poder los cofrades de dichas Cofradías costear tal cantidad acordaron que se saque de todas las tres cofradías –Santísimo Sacramento, Ánimas y Nuestra Señora– todo lo que se pueda, quedando en éllas lo que sea necesario para los menesteres y gastos ordinarios; y la que faltare se saque a fiado hasta que aiga efectos para poder pagar todo lo que así se sacare.»

A referida Hermandad de Ánimas, constituída en 1673, tiña desde 1676, con carácter provisorio, na «Capilla Nueva», unha tarima e sobre ela, unha táboa pintada alusiva ao Purgatorio, para promover a devoción dos fieis.

Era o mestre Alonso de Castro, firme valor dentro do panorama retablístico galego, onde deixou abundantes traballos. Tres anos antes tiña culminado o famoso «Altar de las Reliquias» na S.I. Catedral de Tui. Ocupa o Retablo de Ánimas toda a parede testeira do muro penal do brazo Norte da cruz. De estilo plenamente barroco, está realizado en madeira de castiñeiro e nel deixa constancia Alonso de Castro da súa madurez e alta calidade artística, tanto pola súa prolífica e depurada labor decorativa, a base de rocallas ou sartas de carnosas follas e flores, como na compositiva, sempre buscando a liña do movemento en planta e alzado. Elévase este altar sobre rico basamento e mesa minuciosamente decorada con labores de talla e pintura. Consta de predela, corpo único e amplo ático, presentándose dividido por tres rúas separadas mediante estípites exentas e ascendentes enriquecidas por variada decoración vexetal.

A rúa central, ocupada totalmente por unha cruz de anchos brazos, ten como fondo, pintado sobre táboa, a paisaxe urbana da Xerusalén Celeste, vista desde o Gólgota e iluminado con luz de tebras. Enmarcado na mencionada Cruz, figura tallada a estatua do Salvador, de tamaño natural e belísima execución, conxuga o efecto de dignidade coa doce felicidade do soño eterno. Aos pés do Crucificado, ocupando a parte central



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 67 22/4/21 21:59

da predela, tallado en medio relevo, atopamos o tableiro representativo do Purgatorio na súa iconografía habitual: entre lapas crispantes, sen distinción de clases, as ánimas purifican os seus pecados antes de gozar da benaventuranza inmortal no Ceo. Nas rúas laterais van aloxadas en sendas fornelas de medio punto, apoiadas en elegantes ménsulas, as estatuas de San Xoán Apóstolo e a Virxe Dolorosa, vestida esta con rico manto negro, adornado con remendos bordados en ouro, sobre o que ostenta as sete espadas clavadas no corazón, realizadas en prata dourada. Leva delicado pano branco entre as súas mans e a cabeza tocada por diadema de prata, provista de raios alternantes, os máis longos rematados con estrelas de cinco puntas.

A Confraría da Nosa Señora do Rosario, cuxa existencia consta no ano 1621, aínda que as Constitucións foron aprobadas cincuenta anos máis tarde, alzou o retablo en honor da súa patroa fronte ao de Ánimas, na capela que forma o brazo sur do cruceiro, coa intervención dos mesmos retablistas descritos, que manteñen idénticos estilos e estruturas así como parecida decoración claro-escurista moi fluída.

A traza figura integrada como no caso anterior, por basamento de madeira de castiñeiro, ao que se acopla a mesa, banco, corpo único e ático curvo, que cerra contra a bóveda todo o retablo.

Ten tres rúas e dúas entrerúas. O centro do banco aparece ocupado polo sagrario con porta tallada en baixo relevo. Sobre el arrinca o corpo central presidido po la talla da Virxe, rica de formas e equilibrados movementos, que porta entre os seus brazos o Neno en actitude de bendicir. Esta fermosa imaxe procesional acubíllase na fornela de arco abucinado de medio punto, flanqueada por apoios de pés rectos e estípites deliciosamente tallados. O dilatado ático está centrado por unha ventá cuadrangular de considerable derrame e adórnase con menuda e exhuberante ornamentación vexetal. As dúas rúas laterais son simétricas, nelas ábrense sendas fornelas semicirculares, asentadas sobre ben tallados pedestais con grazosas cabezas de anxos que serven de soporte ás imaxes de Santa Ana e San Xosé, pais da Virxe.

A escultura de ambos retablos é excelente, acusando a madurez do Mestre Alonso de Castro no acabado e composición da obra, calidades destacables nos expresivos rostros e mans, suaves pregues e fertilidade de recursos.

Realza o valor dos retablos a alta calidade dos dourados e policromados que se levaron a cabo durante o ano 1753, quizais por artistas portugueses, habituais colaboradores do Mestre, cuxas mans advertimos nos fondos das fornelas e frontais das mesas destes retablos, polas súas pinturas moi coloristas, de variada temática floral.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 68 22/4/21 21:59

Seguindo unha orde cronolóxica, diremos que apegados aos muros Norte e Sur do brazo maior da cruz, levántanse os altares dedicados ao Sagrado Corazón de Xesús e a Nosa Señora do Carme, respectivamente, obras executadas polo mesmo autor anónimo en madeira de castiñeiro, cara 1780. Completamente «rococós», articúlanse de forma sinxela: basamento, banco, un corpo e sobre a voada cornixa, o ático. Os dous divididos en tres rúas por estípites exentas, movidas e pouco ornamentadas. A súa decoración é a base de rocallas, temas vexetais e veteado de mármores moi do gusto da época. A calidade artística é mediocre e a súa imaxinería antiga foi substituída en grande parte por outra máis moderna de produción industrial.

Colaterais ao arco trunfal atópanse situados a dereita e esquerda, os pequenos retablos de Santa Lucía e San Bieito, respectivamente; posibles froitos de doazóns, xa que descoñecemos o seu autor. Pertencen á corrente «rococó-neoclásico» e deberon ser elaborados no primeiro cuarto do século XIX. As imaxes dos Santos titulares, que portan os atributos persoais, acubíllanse en fornelas de arcos trilobulados, flanqueadas de altas columnas de estilo corintio, lixeiramente adiantadas, sobre as que descansa o arquitrabe, que precede en altura ao coroamento, de liñas recortadas e ondulantes que imprimen gran verticalidade aos conxuntos. Nas caixas centrais dos áticos, figuran as tallas en bulto redondo de San Mauro, Abade e San Franco de Siena.



*Canastro do pazo abacial e igrexa de San Martiño*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 69 22/4/21 21:59

A sobriedade e pureza de liñas, contrasta coas policromías douradas e os marmorados verdosos e vermellos, postulados pola Academia.

Por último, cabe citar o altar maior, que preside e decora a cabeceira do presbiterio. Segundo unha inscrición pintada no nervo central da bóveda da capela, di: «Se hizo y pintó por cuenta del Abad, Dr. Ceferino Antonio Iglesias y Lago. Año 1816». O tal abade, nacido na vila de Redondela, exerceu como Párroco de Barcia de Mera, durante corenta e cinco anos e non é estraño que para a realización desta obra reclamara a intervención dun artista paisano daquela vila, que deixou no sur de Galicia e, de maneira particular, na capital da diocese tudense, magníficas mostras de capacidade artística.




*Retablo do altar maior, realizado en 1816*

A súa fachada neoclásica é admirable pola súa monumentalidade e calidade estética, non podendo subtraerse aos influxos barrocos anteriores, subliñados intencionadamen-



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 70 22/4/21 21:59

te polo dourado dos finos motivos ornamentais: orlas, grinaldas, ménsulas, volutas e estilizada decoración vexetal, ao que serve de contrapunto a fina policromía que imita xaspes e mármores de variado colorido e acertados veteados.

Mágoa que se perdera o encanto e unidade que proporcionaría a contemplación das súas esculturas orixinais, pois a excepción de dúas, San Martiño e Sta. Bárbara, o resto achámolo disperso pola igrexa.

A traza do retablo, en sentido ascendente, está integrada por pedestal, banco, corpo principal e ático curvo, que pecha todo o conxunto. Verticalmente divídese en tres rúas -a do centro máis larga- separadas por catro altas columnas de orde composta. Estes elementos de soporte sustentan o pronunciado entablamento, rematado en vistosa cornixa, que é recta nas rúas laterais e mixta na do centro. Sobre aquela descansa o ático, tamén de tres rúas e tres fornelas, adornadas por mixtilineas molduras e cerrado por un florón de remate.

Nas rúas laterais do corpo único van situadas simetricamente, en caixas, baixo doseis recollidos, as imaxes da Purísima e San Xosé, a dereita e esquerda, sobre altos mensulóns. A rúa central estrutúrase, de arriba abaixo, por sagrario -incrustado en tres pequenas gradas- expositor e camarín no eixe do altar para acoller a estatua do titular San Martiño, bispo de Tours, vestido de pontifical, coa destra bendicindo.

## DESCRICIÓN DA IGREXA

### Interior

A igrexa é de grandes dimensións, realizada na súa totalidade con muro dobre de cantería de granito fino colocada a óso. A planta é de cruz latina, co presbiterio moi longo, case da mesma lonxitude que a nave, do mesmo largo que ela, pero de moita maior altura, dimensión que destaca sobre todo nas perspectivas exteriores do templo. Tanto o presbiterio, iniciado a finais do século XVII, como a nave, cruceiro e portada realizados a mediados do s. XVIII, son obra de autores anónimos, aínda que, desde logo, da escola ou inspirados na obra do arquitecto Casas Novoa, sobre todo no referente á fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela.

A igrexa ten dous corpos engadidos: a sancristía, apegada ao muro norte do presbiterio, e a pequena nave do baptisterio, na planta baixa da torre, apegada ao muro norte do primeiro tramo.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 71 22/4/21 21:59

A nave meirande divídese en tres tramos de lonxitudes diversas, separados por arcos faixóns de directriz semicircular, todos eles decorados no seu intradorso por un festoneado refundido.



*Detalle da pía bautismal do baptisterio*

Os tramos de planta rectangular formados por estes arcos faixóns cúbrense por medio dun sistema de bóvedas de cruzaría e estreladas, máis propias do estilo renacentista galego do s.XVI que do estilo barroco compostelán que posúe o resto do edificio.

O primeiro tramo ten dúas bóvedas superpostas, a da cuberta e a da tribuna, ambas de cruzaría, coas nervaturas de perfil gótico.

A bóveda da cuberta posúe unha grande clave circular rematada no seu centro por un curiosísimo pinxante de decoración vexetal que colga máis de sesenta centímetros. A plementería é de grandes perpiaños.

A bóveda de tribuna é similar á situada enriba dela, aínda que de directriz máis plana, apoiada nun arco carpanel[74] que se apoia nas pilastras que serven de apoio, á súa vez, ao primeiro arco faixón. Este arco carpanel e as pilastras teñen como pilastras exteriores

74 O orixinal di, por erro, "arco campanel".



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 72 22/4/21 21:59

sendos contrafortes, ben trabados no muro, aínda que de factura posterior ao resto das bóvedas e muros.

As pilastras de todo o templo están decoradas con festoneado vertical refundido, rematadas na súa parte superior por capiteis moldurados por dous listeis entre os que se sitúa un cuarto de bocel;  as basas de planta rectangular remátanse nun groso toro. Neste primeiro tramo os capiteis foron suprimidos, xa que coinciden en altura co arco formeiro carpanel da tribuna, sobre o que se apoia o arco directamente.

As nervaturas destas dúas bóvedas superpostas apéanse sobre ménsulas empotradas nos ángulos. A clave da bóveda da tribuna, tamén circular e decorada en baixorrelevo cunha media lúa e unha estrela, alusión directa á entrada da igrexa ao Misterio da Redención (noite-día, pecado-salvación) .



*Detalle do sol e a lúa tallado nunha das claves da nave*

O segundo tramo aparece cuberto por unha bóveda de terceletes, de cinco claves e plementería de perpiaños de grande lonxitude, apoiadas as nervaturas en catro ménsulas empotradas nos ángulos de encontro dos muros exteriores coas pilastras de apoio dos arcos faixóns. As claves labradas en baixorrelevo e policromadas decóranse con cinco personaxes. A clave central, circular e de maiores dimensións que o resto, decórase coa figura de San Martiño, con báculo e mitra, titular da igrexa; as outras catro claves, tamén



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 73 22/4/21 21:59

circulares, representan os catro Santos Pais da Igrexa: San Xerome, San Ambrosio, San Gregorio e San Agostiño.

Neste segundo tramo da igrexa ábrense dúas portas, unha en cada un dos muros norte e sur, alinteladas polas súas caras exteriores e rematadas en arcos rebaixados a caras interiores. Polo exterior estas portas decóranse cun xambeado rematado en orelleiras nos ángulos superiores e polo interior son lisas.

Dous pares de ventás rectangulares, colocadas verticalmente e en posición simétrica, ábrense tamén nos dous muros norte e sur, de derrame interno, polos seus catro lados.

No primeiro tramo e á altura da tribuna sitúase, no muro sur, unha pequena xanela de características similares ás descritas para as do segundo tramo.

O terceiro tramo da nave maior é o corpo central do cruceiro, conformado á súa vez por tres tramos. O corpo central aparece cuberto cunha bóveda de terceletes semellante á do segundo tramo da nave, pero neste caso con nove claves, xa que os nervos cruceiros centrais se prolongan un pouco ata rematar en sendas claves. Todas as claves circulares, decoradas en baixorrelevo con motivos vexetais, agás a central, de maiores dimensións e decorado cun interesante tema: un escudo abacial –xa que ten un capelo con ordes de borlas– e no centro un brasón con cinco estrelas de oito puntas; a estrela central, de maiores dimensións que as outras catro que a rodean. Este brasón repítese noutros lugares deste conxunto monumental: na clave da bóveda da sancristía e na portada do pazo abacial. As nervaturas, como no resto da igrexa, apóianse en ménsulas empotradas nos ángulos.

Este tramo que describimos, e coa din de formar o cruceiro, prolóngase ao norte e ao sur en dúas capelas ás que se accede por outros tantos arcos de medio punto, decorado o seu intradorso por un núcleo central refundido, apoiados en pilastras con idéntica decoración e cubertas ambas capelas por bóveda de canón de directriz semicircular, que se apean sobre impostas corridas molduradas en perfil de talón. De forma simétrica sitúanse dous ventanais rectangulares nos muros occidentais destas capelas, de derrame interno polos seus catro lados, e outro ventanal de similar factura no muro penal da capela do lado sur. Nos testeiros do cruceiro sitúanse dous retablos barrocos, de boa factura e con interesantes imaxes do s. XVIII.

O presbiterio é de grandes dimensións, de planta rectangular, cuberto por bóveda estrelada de 5 claves e dous grandes ventanais de derrame interno nos muros norte e sur; a plementería, como no resto das bóvedas, é de perpiaños de grande lonxitude,



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 74 22/4/21 21:59

nervaturas de perfil gótico descansando sobre ménsulas empotradas nos catro ángulos, e claves –neste caso– elipsoides, con motivos vexetais e xeométricos en baixorrelevo. No muro norte do presbiterio ábrese unha porta co xambeado moldurado e decorado con orelleiras superiores, de acceso á sancristía, que é á súa vez de planta rectangular, cuberta con bóveda de cruzaría cuxa clave circular se decora co brasón abacial descrito das cinco estrelas.



*Detalle da bóveda nervada que cubre o presbiterio*

O grande retablo maior, do s.XIX, con fermosas tallas, ocupa a totalidade do testeiro.

Destacan no interior da igrexa, pola súa forza expresiva e a inxenuidade da súa execución, as pinturas que decoran a totalidade das nervaduras, as pilastras e o intradorso de todos os arcos, decoración feita a base de xaspeados, marmorados e motivos vexetais en tons grises, amarelentos e vermellos, pinturas realizadas na súa totalidade no ano 1804, segundo consta nos libros parroquiais.

Como mobiliario, sen contar os retablos que describiremos aparte, destaca en primeiro lugar a fermosa pía bautismal, situada nunha pequena capela apegada ao muro norte do primeiro tramo da nave, que non é outra cousa que a planta baixa da torre, á que se



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 75 22/4/21 21:59

accede por un arco de medio punto liso, a nave aparece cuberta por bóveda de canón corrida. A pila é de moi bela factura, do s.XVIII, policromada, decorada con dúas ordes de óvalos, uns refundidos e outros non, rematada en cornixa decorada con motivos xeométricos, anel en zig-zag con ovas.

É tamén notable o púlpito, de copa decorada con óvalos, anel a media altura de decoración vexetal, con basa cuadrangular. A balaustrada é de madeira torneada e policromada e o tornavoz de planta octogonal de madeira tallada e tamén policromada.

## Exterior

No exterior destaca a fachada occidental coa súa grande portada.
A porta, rectangular, de lintel adoelado coa súa clave decorada con motivos vexetais e xambeado moldurado e decorado con dobres orelleiras, superiores e inferiores.

A ambos lados da porta e co obxecto de soportar o arquitrabe e o frontón partido que se sitúa enriba, construíronse dúas pilastras dobres, de grandes dimensións, decoradas con festón vertical refundido e núcleo labrado a dous niveis, asentadas en altos basamentos de alzado rectangular rematados por basas toscanas, cuxo toro se imposta a ambos lados da portada ata conformar o basamento das pilastras de ángulo desta fachada occidental e que se sigue prolongando ata conformar tamén o basamento da gran torre, apegada ao muro norte da igrexa.



*Fachada oeste do templo*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 76 22/4/21 21:59

Os capiteis moldurados que rematan as dúas pilastras da portada, sosteñen un arquitrabe de catro bandas, listeis superpostos, que á súa vez soportan un grande friso moldurado con listel, gola e pingadeira, apoio do frontón partido, coas mesmas molduracións e de directriz semicircular deprimida, que acolle no seu centro unha fornela coa imaxe de San Martiño, flanqueada por dúas pilastras. Dos tímpanos do frontón érguese un pináculo por lado, rematados en bólas.

Sobre a fornela de San Martiño, patrón da igrexa, ábrese un ventanal de xambas moi molduradas e decoradas con orelleiras, que serve para dar luz ao coro. Dúas altas pilastras flanquean o ventanal, para recibir a ancha cornixa voada de remate, a dúas augas e cun tramo central horizontal, sobre o que se apoia outra grande fornela coa imaxe de Santa Bárbara, co castelo e a palma do martirio nas súas mans. A fornela remátase con outro frontón partido de directriz semicircular, cuxo centro acolle a cruz terminal da portada. Sitúanse a ambos lados da fornela dous aletóns de apoio e dous pináculos rematados en ananás.



*Detalle do San Martiño que ocupa a fornela situada no frontón partido da fachada*

A fachada occidental remátase nos extremos por grandes pilastras angulares, dobres, de decoración refundida e rematadas por altos pináculos en forma de ananá.
Todo na factura desta bela portada, decoracións, fornelas e pináculos, recórdanos á catedral de Santiago de Compostela, sobre todo na súa fachada occidental.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 77 22/4/21 21:59

Destacan tamén polo exterior a grande torre e os esbeltos pináculos rematados en bólas, situados en todas as esquinas da cuberta e no centro dos panos. As portas laterais locen decoración de orelleiras e os ventanais rectangulares son lisos. A grande cornixa barroca leva unha grande moldura de pingadeira.

A torre-campanario, de influencia compostelá en canto a concepción e diseño, sitúase ao norte da fachada occidental, de planta cuadrangular, realizada como o resto da igrexa con perpiaños ben labrados colocados a óso, e estruturada en tres corpos: cana ou tambor, campanil e campanil e capitel balconado.

A cana está dividida en tres tramos separados por dúas impostas de cincha; delas a máis alta aparece adornada con placas colgantes recortadas en semicírculo e situadas nos ángulos.



*Detalle da torre-campanario*

O corpo da torre ou campanil levántase sobre unha grande cornixa barroca, tamén de planta cuadrangular, decorado cun oco por cada lado, rematados en arcos de medio punto peraltados e lisos, que serven como caixa de resonancia das campás que se encontran no interior. Estes ocos aparecen flanqueados por pilastras de base curta, fuste de caixeado refundido e entaboamento toscano. Este corpo rodéase, como as torres da catedral compostelá, por unha balconada perimetral constituída por balaústres de



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 78 22/4/21 21:59

perfil composto, pilastróns nos ángulos de núcleo refundido, varanda moldurada e tres pináculos terminais por lado.

O último corpo de chapitel semiesférico está ornado por catro resaltes en ese (S) e un pináculo central coroado por unha bóla que sustenta a veleta e a cruz de remate.

Similar balconada perimetral á que describimos completa este corpo alto da torre.

## 3.2 O pazo abacial

Este fermoso pazo que asenta as súas antigas raíces ao lado da igrexa parroquial de Barcia de Mera, conformado unidade con ela, conserva a tipoloxía e o esquema estético da típica mansión señorial emprazada no medio campesiño durante a época barroca. De aí as evidentes vinculacións estilísticas con ese arte, cuxo principal foco en Galicia, foi Compostela.



*Vista aérea do pazo abacial*

Equivocadamente se lle atribúen varios fundadores e múltiples destinos, como, por exemplo, mosteiro, convento, hostal de peregrinos, etc. Máis a súa construción tivo un

fin claro, ía ser Pazo Abacial; pero ao mesmo tempo, aglutinaría outras dependencias secundarias dentro dunha importante explotación agrícola ao servizo da veciñanza, tales como muíño, forno, lagar e ferrería. Ata recursos defensivos contra os ladróns quedaron previstos na súa planificación, testemuñados polas troneiras existentes a ambos lados dos portalóns das adegas ou na garita de pedra de planta circular con mira, situada no ángulo da fachada Norte. Un risco anecdótico foi a preocupación constante dos abades polos ladróns, que habería de ter confirmación en 1838.

O pazo mandouno construír, cara 1740, despois de finalizadas as obras da sancristía, o abade, Dr. Don Alberto Barreyro y Bello, sucesor do seu tío, Dr. Don Alberto Bello Barreyro. Confirma esta aseveración, o célebre historiador Avila y la Cueva cando ao falar de Barcia de Mera na súa «Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su Obispado», di: «Tiene una casa rectoral de las mejores del Obispado cuya hizo desde los cimientos cerca desde los mediados del siglo XVIII el doctor Don Alberto Barreyro y Bello, Abad de la misma...».

Este ilustre benfeitor «estuvo veintisiete años al frente de la feligresía que lo vió nacer, desarrollando hasta su muerte, ocurrida de repente, el 15 de octubre de 1761, infatigable labor en pro de Barcia de Mera. Murió sin testar, habiendo dejado de su puño y letra una manda "para dos mil misas, que se dirán repartidas entre la Parroquia y Conventos de costumbre».

Non se ten noticia algunha dos artistas creadores nin do custo desta obra mestra, pois nunca existiu Libro de Fábrica. Os gastos eran repartidos entre toda a veciñanza. ¿Afectou á documentación pacega o incendio sufrido no ano 1890?.

A ostentosa casona impresiona polo contraste que presenta a severidade dos sólidos muros graníticos exteriores coa suntuosidade decorativa da portada principal, que a modo de arco truinfal serve de acceso ao pazo.

Centrada no arquitrabe alintelado desa portada aparece unha cartela na que se inscribe o ano de remate da obra, 1752. E enriba, sobre voada repisa, ornada con profusas e estilizadas frondas, a pedra de armas dos «Bellos» de Barcia de Mera, sen capelo nin borlas de abade.

Remata a portada coa estatua de Atlas en bulto redondo, flanqueado por dous pináculos de bóla por lado, rematados mediante ananás. Sen dúbida quíxose perpetuar o esforzo supremo que houbo de soportar o pobo unido de Barcia de Mera para conseguir tan extraordinario conxunto histórico-artístico.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 80 22/4/21 21:59

## Exterior

Trátase dun fermoso edificio pacego de mediados do século XVIII (o ano 1752 figura na portada) de planta rectangular con patio interior, e un corpo cuadrangular engadido con posterioridade polo seu lado norte, dedicado a muíño e forno, que lle confire ao coxunto actualmente unha planta en forma de L.

Todo o edificio está construído con excelentes perpiaños de gran fino colocados sen argamasa. Os muros de grande grosor érguense sobre un rebanco que se fai dobre na fachada oeste. Grande cornixa e ventanais divididos por trabatel, elementos típicos do estilo barroco galego. A cornixa moldúrase en dous corpos superpostos, o superior composto por listel-gola-listel, grosa pingadela separadora, e o corpo inferior moldurado en listel-media cana-listel.

Unha grosa imposta tórica recorre toda a parte superior dos muros, baixo a cornixa, rodeando a algunhas xanelas do lado sur a modo de alfiz; no resto, serve de tornachuvias. Na fachada norte destaca un airoso balcón, xa que pola súa localización non se pode denominar solaina, soportado no seu andar terreo por catro columnas con basas cuadrangulares e capiteis pseudodóricos e outras tantas de sección poligonal no piso alto, apoiadas en altas basas cuadrangulares decoradas con placas. Teñen desaparecido os balaústres, pero consérvase o pasamáns, que é moldurado.

O corpo do muíño apegado ao pazo, que se localiza neste lado norte, consta de tres plantas: a baixa, dedicada unicamente a albergar baixo unha bóveda pétrea as aspas e maquinaria do muíño; o primeiro andar dedicado ao muíño propiamente dito, nunha estancia comunicada coa grande cociña (onde ademais das moas hai dous fornos e a entrada a un corpo cilíndrico de garda); e o piso alto, posible dormitorio da servidume, coa súa estrutura do piso de madeira, hoxe derruída.

Este corpo cilíndrico situado no ángulo de encontro do corpo central co corpo do muíño; serviu posiblemente como letrina durante un tempo e remátase con chapitel e pináculo con bóla, dispoñendo dunha mira en seteira con derrame interno.

A fachada oriental é a máis simple, sen ocos, e co piso baixo convertido en semisoto a causa do desnivel do terreo.

A fachada occidental posúe sete ventanais no piso alto, co trabatel barroco, un deles ten ademais un tornachuvias voado. No piso baixo ábrese, no centro da fachada, a porta de



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 81 22/4/21 21:59

entrada á adega, á que se accede por medio de tres chanzos de pedra, cunha seteira a cada lado.

A fachada sur é a máis rica, xa que se decora coa portada principal. Ten sete xanelas, catro delas situadas a un nivel máis alto, polo que a imposta tórica vese obrigada a rodear a súa parte superior, servíndolle de tornachuvias. Estas xanelas non teñen trabatel. A portada é de riquísima decoración, con porta rectangular de dúas follas, xambeado decorado e de lintel adoelado, decorado o conxunto cun frontón partido, frondosamente decorado, de traxectoria de arco deprimido.

O xambeado da porta é moi moldurado, de dobres orelleiras superiores e inferiores. A clave decorada cunha grande flor tetrapétala, coroada por un lirio estilizado e, no seu centro, unha cuncha de vieira. (Posible simboloxía: a flor representaría a Cruz; o lirio, María; a cuncha de vieira, a Resurrección do Señor).

A ambos lados desta porta sitúanse dúas pilastras de alto basamento, sobre as que se erguen basas de perfil ático (toro-escocia-toro). O fuste das pilastras presentan un festón vertical refundido co seu núcleo central moldurado. Estas pilastras decóranse a modo de contrafortes laterais, cunha dobre espiral por cada lado, decorando a súa fronte con botóns, como recurso ornamental moi estilizado que confire grande riqueza ornamental á parte baixa da fachada.

Sobre os capiteis decorados con molduras superpostas, listeis e cuartos de bocel decorados con ovas, sitúase un arquitrabe de catro planos superpostos sobre os que –nun gran festón decorado con catro losanges tamén de planos superpostos e dous floróns situados xusto encima das pilastras– sitúase a grande cornixa, moi voada e polimoldurada, sobre a que se levanta o frontón partido, de directriz de arco deprimido.
No centro dos catro losanges atopamos unha cartela rectangular, con decoración vexetal na que se le, en números romanos, a data MDCCLII.

Nos tímpanos do frontón sitúanse unhas grandes figuras dun óvalo por cada lado, moi saintes, a modo de gárgolas, co pico aberto, as cabezas coroadas, e as asas a medio despregar; en actitude de canto, (¿símbolo da Resurrección?), motivo que constitúe unha chamativa decoración[75]

75 Os autores non repararon en que a ave coroada que figura no escudo nobiliario da Casa do Souto, posible residencia do párroco Alberto Bello, tío do promotor do Pazo Abacial, podería estar na base da utilización deste motivo zooformo na fachada.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 82 22/4/21 21:59



*Detalle dunha das aves coroadas da fachada do pazo*

O plano do centro do frontón aparece decorado con multitude de motivos, na parte inferior seis figuras de planta cuadrangular e o resto motivos vexetais.

No centro e encima do frontón vemos o grande escudo abacial, que xa describimos, coas cinco estrelas, rodeado de profusa decoración vexetal.

O remate realízase por medio dunha cornixa mixtilínea, moi partida, decorada por catro pináculos e un quinto central máis alto, coroado por unha imaxe, ápice desta grande portada.

Esta figura representa a Atlas[76] condeado polo deus Xúpiter[77] a soster o globo celeste perpetuamente sobre os seus ombros, outro motivo de decoración barroca moi compostelán. Esta figura está realizada en bulto redondo, moi lisa; parece como se o seu autor fose outro distinto e menos experimentado que o autor ou autores da parte inferior.

76 Na mitoloxía clásica Atlas é irmán de Prometeo, Epimeteo e Menencio e pai das Hespérides. As súas fillas eran As Híades, Calipso, Maya e as Pléyades. Atlas foi o caudillo dos Titáns na Titanomaquia e cando foron derrotados polos deuses olímpicos, foi castigado por Zeus a soster o ceo sobre as súas costas. "Coa súa axuda, Heracles puido completar o seu undécimo traballo, xa que Atlas marchou ao xardín das Hespérides a por tres mazás douradas, deixando ao heroe mentres tanto co mundo ao lombo. Cando Atlas volveu coas mazás, pretendía levarllas el mesmo a Euristeo, pero Heracles pediulle que o substituíra mentres el se colocaba unha almofadón para aliviar o peso do orbe. Ao acceder o titán, Heracles liscou correndo de alí." (De la Plaza Escudero, Martínez Murillo e Vaquero Ibarra. Cuadernos de arte Cátedra. 2016)

77 Na mitoloxía grega, onde xa que existía o mito de Atlas, o deus Xúpiter recibe o nome de Zeus.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 83 22/4/21 21:59

Os catro pináculos laterais, rematados en ananás, moi altos e reforzados con sete aneis de diversa decoración.

Trátase, sen lugar a dúbidas, dunha das máis fermosas portadas pacegas do barroco galego.



*Detalle do Atlas flanqueado por pináculos e, detrás, a cheminea*

Do interior do pazo destaca o seu fermoso patio desde o que se accede ás dependencias interiores por catro portas distintas, unha delas por medio dun fermoso patín galego.

A cociña, comunicada co corpo do muíño, conserva a máis ampla e monumental das típicas lareiras. Trátase dunha habitación independente, dentro da cociña, xa que ten muros de peche laterais e porta de entrada; a campá, sostida por grosas columnas de basas e capiteis pseudodóricas.

As salas e outras dependencias están convertidas, na actualidade, en enormes salóns (dous) con numerosos ventanais.
Escaleiras intramuros dan acceso ao piso baixo, onde se conserva a adega cos seus aditamentos, as cortes, ferrería, etc.

No exterior consérvase tamén un hórreo pétreo de catro claros.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 84 22/4/21 21:59

É moi chamativo o grande remate exterior da lareira, chimenea cilíndrica, reforzada por multitude de aneis e rematada por pináculos con ananá, similares aos da portada.
Son de destacar tamén neste conxunto e polo exterior as fermosas escaleiras de acceso á igrexa, con petril e pasamáns moi decorados; a escaleira de acceso ao campanario e o pequeno adro de acceso á portada do pazo, con peche de pedra e bancos a ambos lados, con dous remates en «monfortino» a ambos lados das portas."


Detalle da cheminea do pazo

## 3.3 San Xoán do Mosteiro

Cinco son os elementos centrais deste conxunto etnográfico situado na ribeira do río da Alén: a Capela de San Xoán, o seu cruceiro, a ponte sobre de San Xoán de Mosteiro, a Fonte Santa e a calzada granítica que bordea as marxes do río.

Por Hipólito de Saa Bravo (1984:3) sabemos que no ano 1230 un tal Pelagio Dominici doou ao Abade Gómez e monxes do mosteiro de Melón "la heredad de iglesia y lugar de Mosteiro", mencionando ademais o seu desexo de ser enterrado na igrexa monacal. "Todavía queda en la parroquia el lugar donde perdura la tradición de la existencia de un antiguo Monasterio, y donde muy probablemente estuvo la primitiva iglesia o capilla utilizada como parroquial, hasta que fue trasladada al lugar actual"

De Saa Bravo (op.cit) cre que os frades melonenses tiveron en Barcia de Mera un prio-



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 85 22/4/21 21:59

rato que "al ingresar en la Congregación cisterciense de Castilla los Monasterios de Galicia, se transformó en Granja[78], que era dirigida por los mismos monjes o por persona designada por ellos."



*A capela de San Xoán do Mosteiro co palco da música en primeiro plano*

O primeiro que chama a nosa atención nada máis chegar a San Xoán do Mosteiro é o seu cruceiro. Elevado sobre unha triple grada de planta cuadrangular que aparece protexida por anteparos situados nos ángulos, loce un pedestal cúbico no que se chanta un varal de sección cuadrangular de arestas biseladas que remata nun capitel que foi labrado na mesma peza que a columna. Aquel destaca polo seu amplo colariño precedido dun baquetón moldurado. Sobre el, en opinión de Fernández de la Cigoña e Sampedro Fernández (25:2009), "un clásico capitel xónico con volutas angulares de pouca calidade". Coroa o conxunto unha cruz latina refundida sen figuración.

O investigador Andrés Sampedro (226:2014) describe o templo de San Xoán do Mosteiro como unha "capela dunha soa nave, con altar situado nun elemento independente, aínda que integrado no conxunto da edificación e rematado a catro augas. Segundo Pascual Madoz (1846:13) a capela ten como titular a Virxe da Asunción, pero Ávila y la Cueva asegura que está baixo a advocación de "Nuestra Señora del Mosteyro"; por se fose pouco, Otero Pedrayo (1962:92) afirma que a súa virxe titular é a da Anunciación: "...Maceira ca súa vella ponte , Barcia de Mera , está en centroso logar cas raiosas ermidas da Guía e da Anunciación."

78 No orixinal dise, por erro, "Franja".



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 86 22/4/21 21:59

A nave da capela remata nun pórtico aberto, onde interiormente amosa un banco corrido de pedra, e cuberta a dúas augas por tella plana. Segundo Estanislao Fernández de la Cigoña, a campá desta capela está situada no interior da igrexa parroquial de San Martiño de Barciademera, e tánguea o cura párroco cando sae da sancristía a oficiar a misa, para advertir aos fregueses do seu comezo. Trátase da campá máis antiga do concello de Covelo, xa que aparece gravada coa data 1734, converténdose na terceira máis antiga da comarca do Condado e A Paradanta.

Na traseira da capela, na marxe superior do camiño, está instalada unha fonte para refrixerio tanto dos viandantes como dos romeiros que se achegan ata aquí no día de San Xoán. No frontal aínda se pode percibir unha inscrición coa data 1668, que puidera referirse ao ano de construcción".

Xulio M. Sigüenza (4:2013), outro dos investigadores que se teñen ocupado deste conxunto etnográfico, destaca a presenza de "certos vestixios dun pasado abraiante,o cal nos deixa albiscar, máis unha vez, esa fusión de supervivencia –tan galega e peculiar– de elementos cristiáns mesturados con esoutros puramente pagáns e, en moitos casos, prerromanos" (...) "Carballos, amieiros, sanguiños, acivros.... liques, herba carriza e grandes fieitos, como o denominado «fento palmeira» –Wudwardia radicans–, de proporcións desmesuradas, habitual nalgúns bosques tropicais e tamén nas Fragas do Eume, constitúen parte das curiosas especies vexetais que inzan este silencioso lugar, tamén coñecido como As Costas do Alén, cuxa quietude apenas é rota polo cantaruxeiro fluír do río Alén –afluente do Tea no seu tramo medio– ou polos gorgolexos dalgún paxaro pedido entre a frouma".

O mesmo autor detense nas polémicas das que, no pasado, foi obxecto a festa anual que se celebra en San Xoán do Mosteiro:

> *"A ermida tivo unha importante transcendencia no ámbito popular e tamén duras críticas dentro do eclesiástico, que non entendía certas «alegrías» levadas a cabo con motivo da celebración de festexos. No ano 1800, o párroco de Sabaxáns (Mondariz) informa" ao bispo García Benito "que a capela fora pechada por petición do bispo anterior, toda vez que «había vino y gaitas en la fiesta, todo en sitio retirado». Porén, novamente volve abrir as portas e así, en 1871, ten lugar a reparación do retábulo e máis da imaxe de Nosa Señora. Seguen daquela os bailes, as gaitas e o viño. O bispo do momento volve reafirmar que «mentres non se desterre ese costume, non consentirá que se celebren festas»."*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 87 22/4/21 21:59

No ano 1871 repárase o retablo e a imaxe da Nosa Señora e pinden que veña alguén a bendicir as imaxes de S. Xoán e S. Pedro". A última vez que se reparou a cuberta foi no ano 2011.



*Inscrición situada no muro Sur da capela de San Xoán do Mosteiro realizada en 1709 polo seu promotor, o abade e comisario da Santa Inquisición, Alberto Bello*

No verán de 2004 a capela de San Xoán do Mosteiro e seu o contorno serviu de lugar de rodaxe dalgunhas escenas da curtametraxe "El masticar de los muertos en sus tumbas", do director e guionista Óscar Suárez.



*Vista do alzado Sur da Ponte de San Xoán do Mosteiro*

A Ponte de San Xoán do Mosteiro é, sen dúbida, outro dos atractivos deste conxunto histórico. Construída sobre o río da Alén, presenta un único arco de medio punto peraltado



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 88 22/4/21 21:59

e realzado, cunha luz de 5,10 metros. A calzada da ponte, que se eleva 7,30 m de altura, aparece protexida por un peitoril de cantaría de 40 cm.

En relación á Fonte Santa, que atoparemos despois de atravesar a ponte que vimos de referir, ten escrito Sampedro Fernández (2014:223-233). O máis salientable deste saidoiro non é a súa arquitectura senón a vixencia do seu culto, xa que os e as visitantes aínda teñen hoxe por costume, desde tempo inmemorial, facer e deixar no contorno inmediato do manancial unha pequena cruz de madeira a modo de exvoto. É habitual que o número de cruces supere o cento, sobre todo durante os meses de verán, época na que acuden á fonte o meirande número de persoas devotas. Segundo o mesmo autor (op.cit) "a tradición manda que quen se achegue con devoción á Fonte Santa, debe facer unha cruz e beber auga sen máis". A maiores Sampedro recolleu o testemuño de Herminda Fernández Garrido, veciña dos Oleiros, que lle relatou como "na mañanciña do 24 de xuño, San Xoán, ían aínda de noite a por auga á Fonte Santa. Para traela empregaban baldes, caldeiros, sellas, ou calquera recipiente ao efecto. Os que ían xa se lavaban na fonte e tamén bebían a súa auga. Despois, de volta na casa, lavábase toda a familia e coa sobrante, salpicábanlle auga ás ovellas, cabras, vacas e aos animais do cortello".





*Á esquerda a Fonte Santa; á dereita, detalle das cruces de madeira que os devotos colocan arredor dela*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 89 22/4/21 21:59

## 3.4 Os muíños de Portafurado e as pontes históricas

A ponte de Portafurado formaba parte do antigo camiño que unía Ponte Caldelas e Pontevedra, segundo Alvarado Blanco, Durán Fuentes e Nárdiz Ortiz (1989:386). O seu único arco de medio punto –lixeiramente alombado– presenta unha luz de 8,10 m. e foi construída no século XVIII sobre o Caraño, río identificado como Portafurado nalgunha das fontes documentais (Álvarez Limeses; 1936:507). En opinión dos enxeñeiros que levaron a cabo a súa catalogación, a ponte pode encadrarse entre as infraestruturas históricas, de tres posibles, na categoría II, e o seu estado de conservación en 1989 era, ao seu xuízo, regular.



*Vista aérea dos Muíños de Portafurado*



*Calzada da Ponte de Portafurado*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 90 22/4/21 21:59

A 150 m ao noroeste da ponte podemos ver os Muíños de Portafurado, un conxunto de catro construcións de carácter etnográfico coñecidas individualmente (de abaixo arriba) cos nomes de Muíño de Baixo, Muíño do Porteiro, Muíño do Medio e Muíño de Arriba. Foron restaurados polo Concello de Covelo entre 2008 e 2010. Destes catro enxeños dunha única moa, construídos para destinalos á moenda de cereal, hoxe só moe un deles, o do Porteiro.



*Alzado da Ponte de Portafurado, augas abaixo*

Outro dos monumentos senlleiros da parroquia é a Ponte da Alén, unha fermosa e sólida construción que salva o río homónimo, dando este mesmo nome tamén ao camiño que une este núcleo co San Amaro. A veciñanza da Alén chámalle Camiño da Fontaíña, que é o nome que recibe unha poza alimentada polo Regato do Souto que utilizaban para regar. Sería este "el famoso puente" construído "el año 1746" que mandou construír Alberto Barreiro Bello ao que se refire A. Fraguas (1958:256)?. Non o sabemos aínda.

A Ponte da Alén é unha ponte alombada de 6,40 m de altura construída entre os séculos XVII e XVIII que está conformada por un arco de medio punto (7,20 m de luz) labrado en cantaría escuadrada de moi boa calidade (opus quadratum), unha plementería presente tamén no elevado peitoril que protexe a calzada, pero redúcese a un opus vittatum nos paramentos que reforzan o arco. O seu estado de conservación é bo.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 91 22/4/21 21:59



*Ponte da Alén*

A Ponte de Vilanova ou de Mera de Abaixo, que salva o río Caraño, responde a unha tipoloxía e factura claramente contemporánea. Presenta unha rasante chan e un único arco de medio punto de 9,50 m de luz labrado en cantaría perfectamente escuadrada. Lamentablemente perdeu unha parte do seu peitoril granítico, circunstancia que non lle resta valor cultural a esta obra de enxeñería de 8 m de altura. A nova ponte, construída ao seu carón recentemente, deixou practicamente sen uso esta infraestrutura granítica.



*Vista oblicua da Ponte de Vilanova*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 92 22/4/21 21:59

Por último a Ponte de Caraño, que salva o río homónimo nas proximidades da Peneda, responde tamén a unha tipoloxía contemporánea, o que fai dela, quizais, a ponte histórica de Barcia de Mera de construción máis recente. Presenta unha rasante chan e un único arco de medio punto de 5,60 m de luz, labrado en perpiaño e unha altura de 9,60 m. O seu intradorso conserva unhas doelas basais (5 de cada lado) que sobresaen do arco para facilitar o levantamento das agullas da estada de madeira na que se apoiou. No seu peitoril granítico gravouse o texto "VIGO · MADRID 1950". A Fonte de Caraño, moi apreciada pola veciñanza, localízase á beira do acceso Oeste da ponte.



*Ponte de Caraño*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 93 22/4/21 21:59

# 3.5 Conxunto de escola e capela de San Xosé de Redondo

Promovido polo veciño de Redondo Agapito Serra Fernández (?-1939), este empresario e filántropo covelense forxou o seu imperio comercial en Lisboa, onde fundou A Estrela d´Ouro en 1907, un barrio obreiro formado por uns 120 edificios vinculado ao sector da alimentación situada entre a Graça e Senhora do Monte. Este barrio de operarios chegou a ter, incluso, un cine propio, o Cinema Royal, hoxe reconvertido nun supermercado. En opinión de Martín López (2014:275-276) "o seu interese radica na innovación e modernidade tipolóxica e o benestar social das súas creacións. Non se trata de barrios obreiros ao uso (...). O arquitecto Norte Júnior, como bo republicano convencido e, debido a un grande talante filantrópico, propio do Gremio Lusitano daquel entón, interesaríase por teorizar e proxectar vivenda obreira en Lisboa" (...).A Estrela d´Ouro "é un barrio ben perimetrado e definido por unha rúa central y varios adarves: un conxunto singular formado por casas, capela, almacéns, panadería e cine, que forman unha trama urbana singular, hoxe afortunadamente protexida, que só ten un parangón no Bairro Grandela de Benfica (1902-1904, 1910) onde os mesmos parámetros hixienistas e filantrópicos de proteccionismo do proletariado a principios do século XX aparecen reflectidos nunha vivenda digna" para os obreiros.




*Fachada da escola. Fonte: CCG (Paz Agras, Marcos Maroño e Almudena Sánchez; arquitectas)*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 94 22/4/21 21:59

As rúas do “bairro” levan por nome o dalgúns familiares e empregados da Estrela d´Ouro, e nel aínda se pode ver por toda a parte (beirarrúas, buzóns, soportes metálicos, paneis de azulexos...) o seu logo: unha estrela de cinco puntas. A epopeia empresarial de Agapito, que tamén foi veciño do barrio que construíu, chegou a ser obxecto de atención por parte do Canal História da televisión portuguesa.

En 1923, Agapito mandou levantar unha escola para nenos e nenas no lugar da Chan, en Redondo, a aldea que o viu nacer.

O Consello da Cultura Galega, que catalogou todas as escolas da emigración galega, describe este conxunto así:

> *“Este edificio escolar está situado nun amplo predio, pechado cun muro de pedra, no que se atopa ademais unha capela dedicada a San Xosé. A escola ten unha soa planta, de forma rectangular, construída en cantaría sobre un pequeno baseamento. Ten cuberta de tella a dúas augas. Na fachada lateral dereita hai un anexo de forma prismática, que probablemente sexa posterior. As fachadas principal e posterior son moi similares e contan cos mesmos elementos ornamentais.En ambas as dúas, a cuberta ráchase para acoller un frontispicio triangular. Este está flanqueado por dúas pequenas pilastras truncadas que teñen o fuste estriado sobre unhas formas circulares.O frontón está rematado nunha bóla pétrea que funciona como un acroterio. Destaca como motivo decorativo principal, que se repite en todo o conxunto arquitectónico, unha estrela de cinco puntas, emblema simbólico do seu promotor. O marco da porta principal e dos vans presenta un ensanchamento na zona superior e inferior das xambas. A ambos os lados da porta hai unha fiestra que achega luminosidade ao interior. Na fachada principal, enriba da porta, podemos ler unha inscrición en letras talladas en pedra, co nome da escola e do promotor. Esta escola tiña unha única aula, de forma rectangular, á que se accedía por unha pequena escalinata que precedía á porta principal. A aula tiña, segundo se recolle no xornal Céltiga de Bos Aires, «capacidad para sesenta alumnos y casa habitación conveniente para el maestro con todas las comodidades. Mucha luz en la escuela, varios ww.cc., con todos los adelantos pedagógicos». En 1931, o pobo de Covelo[79] organizou unha homenaxe ao seu paisano Agapito Serra, pola*

79 En realidade, un grupo de amigos galegos, uns naturais de Covelo e outros, doutros concellos vinculados a Lisboa.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 95 22/4/21 21:59

*súa xenerosidade e filantropía cos seus conveciños. Nese acto inaugurouse un monumento conmemorativo, que se erixe no recinto escolar e que leva unha inscrición que di: «AL FILÁNTROPO / D. Agapito Serra Fernández / HOMENAJE / de sus amigos y admiradores / 18 de agosto 1931[80]».*



*A comisión promotora do monumento a Agapito Serra diante do seu busto en 1931 nunha fotografía de Pacheco*

A filantropía de Agapito Serra e a súa familia, que residía durante boa parte do verán na Quinta do Outón, en Mondariz Balneario, concello no que tamén tiña casa o seu irmán

80 Imaxe da páxina: Foto cedida ao Arquivo da Imaxe de Mondariz pola familia de Ramiro Vidal Carrera (alcalde de Mondariz entre 1925-1930), que é o que ocupa un lugar máis elevado.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 96 22/4/21 21:59

Domingo, quedou de manifesto, ademais, en múltiples iniciativas de ocio (organización das festas parroquiais[81]), cultural (creación do Centro Galego de Lisboa[82]), sanitarias (adquisición de material cirúrxico para o hospital de Mondariz Balneario[83], unha iniciativa de Domingo Serra), mellora e construción de rúas e estradas (urbanización da rúa do Outón en Mondariz Balneario, construción da ponte de Redondo[84]) ou empresariais (accionista do tranvía Vigo-Mondariz[85] e socio protector do Círculo Mercantil de Mondariz Balneario[86]). Polo seu destacado altruísmo, Agapito chegou a ser nomeado fillo predilecto de Covelo en 1935[87].

## 3.6 Conxunto etnográfico de Bidueiros

No pasado a actividade gandeira tivo un importante peso económico na nosa parroquia. Así o evidencia o prezado patrimonio etnográfico en forma de sesteiros, currais, abrigos e chozas (a choza do San Amaro; a choza, curral e parideiras da Peneda; a choza de Mera, ou a de Vilanova) que acolle o monte comunal, que ocupa o terzo norte da freguesía. Desta realidade, que se sitúa na contorna do Coto de Bidueiros (942 m), deron fe os peritos da parroquia xa en 1753 para conformar o Catastro de la Ensenada[88] cando se lle pregunta polo seu monte comunal:

> *"Mil y cien ferrados de sembradura de montes comunes y abiertos todos inútiles por naturaleza que solo sirven para pasto común de ganados".*

Tamén sinala este aproveitamento o historiador Ávila y la Cueva (1852:593v) cando escribe sobre o Monte Maior, que coroa o Coto da Eira (881 msnm):

> *"El Montemayor que el Mapa del Reino de Galicia compuesto por Don Tomás López, revisado y aumentado por Don Juán López en el año de 1816, llama de la Mina y se halla sito entre las parroquias de Barciademera, Traspielas, Fornelos, Sta María de Campo, Fofe y otras, el que es muy eminen-*

81 Faro de Vigo do 23.06.1934
82 Faro de Vigo do 20.03.1931
83 Faro de Vigo do 22.08.1937
84 Faro de Vigo do 16.07.1933 e 22.09.1934
85 Faro de Vigo do 08.02.1914
86 Faro de Vigo do 11.05.1932
87 Faro de Vigo do 04.09.1935
88 Resposta á pregunta número dez.

*te y produce buenos pastos, por cuya razón los vecinos de los pueblos de su circunferencia hechan á el á pacer sus ganados en toda la estación del brano con pastores que los guarden".*



*Choza de Mera. Fonte: Concello de Covelo*

A Comunidade de Montes de Barcia de Mera conserva documentación histórica na que se fai referencia a un preito datado en 1519[89] que enfrontou a Diego de Soutomaior coas parroquias da serra do Suído, entre elas a freguesía de San Martiño. A pretensión do nobre era alimentar nos pastos comunais unhas 5.000 cabezas de gando, pero a xustiza acabou limitándolle o acceso a 100 cabezas vacún.

Os continuos conflitos polo aproveitamento dos pastos do Suído non enfrontou unicamente á veciñanza cos estamentos sociais privilexiados, senón tamén entre si ás distintas parroquias que utilizaban os pastos da serra. Así o pon de manifesto, por exemplo, un preito[90] substanciado en 1653 pola Real Chancillería de Valladolid que provocou un litixio entre os veciños de Campo e Fofe, xunto con algúns do Piñeiro pola queima de máis de 20 chozas e cabanas de Barcia de Mera no Suído, un litixio que incluía ademais, medio cento de cabezas de gando.

89 Carta executoria da Real Chancilleria de Valladolid datada en setembro de 1773; Signatura: Rexistro de Executorias. Caixa 3170.0061

90 Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Signatura: Registro fe Ejecutorias,Caja 2789,66. Documento cedido pola CCMM de Barcia de Mera.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 98 22/4/21 21:59

Outro preito pola utilización dos pastos da serra tivo lugar no ano 1726[91], tal e como documentou o profesor Pegerto Saavedra (1982:213), cando a veciñanza de Soutomaior denunciou á de Barcia de Mera por "hallarse en posesión y de los montes y pastos del Suído, en los que cojen leña y hacen «sus cabañas para guardar los referidos ganados y recogerse los pastores y personas que los cuidan»; pero recientemente los de Barcia de Mera, «armados con hoces largas, varales y otros instrumentos» se entraron en la jurisdicción de Soutomaior «dando muchos palos a las referidas personas y por fuerza han llevado y sacado más de quinientas cabezas de ganado mayor»."

Sobre a importancia que os pastos estivais da serra tiveron para Barcia de Mera e Covelo fálanos tamén un documento de 1813 citado por Fariña Jamardo (1993:456) no que un tal Fernando Varela asegura que na xurisdición de Covelo "coida que deben establecerse polo menos dous axuntamentos, pero que se resistiron sempre os seus naturais a separarse da antiga costume, motivo polo que se mantiveron pasivos ata agora, apoiando a súa terquedade na comunión de pastos e localidade, que lles imposibilita a desunión".



*Choza da Peneda. Fonte: Concello de Covelo*

Como escenario dos conflitos sociais como os que vimos de citar, a serra acolle un valioso patrimonio etnográfico vinculado ao aproveitamento dos pastos estivais en forma de chozas e abrigos (pensadas para dar acubillo aos pastores ou veceiros), así como cortellos, parideiras, curros e sesteiros (construcións que tiñan por obxecto gardar os animais durante distintos momentos do día).

91 Arquivo parroquial de Berducido. Contestan os veciños de Barcia de Mera que foron os de Soutomaior os que "se agavillaron" para lles prender o gando.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 99 22/4/21 21:59



*Curral da Peneda. Fonte: Concello de Covelo*

As chozas, en palabras de Ballesteros Arias (2004:25), son:

> *"uns cerramentos laterais construídos seguindo a pendente do terreo, no que as veces se incrustan, levantados cunha groseira cachotería en seco, de xisto ou gneis. No caso dos chozos da serra do Suido, hai un predominio da planta rectangular ou cuadrangular, con dimensións variables, nalgúns casos en torno a vinte metros cadrados, e están construídos mediante bloques de lousas de gneis e granitos, que proliferan na zona, sen utilización de argamasas. Danse varios tipos de cubertas sendo a máis recorrida a de dobre vertente, e consiste nun laxeado de pedras de granito ou xisto colocadas sobre unha estrutura de pedra alintelada sobre os muros laterais, e que se completa mediante unha cubrición de terróns, que ademáis de integrar á propia construción no medio serve de illante térmico".*

A mesma investigadora (2004:36) describe os curros da maneira que segue:

> *"Son peches de pedra utilizados para gardar o gando durante a noite. Podémolos atopar ben unidos ás cabanas ou ben situados nas proximidades, polo xeral nos prados (...).*
> *Son recintos de planta variable, polo regular de forma cadrada ou circular, e levantados polos veciños como un traballo comunal máis, pechado con muros a base de cachote, laxas ou bloques de pedra de granito ou gneis, cunha serie de aberturas ou portas de acceso que permiten o paso do gando. Algúns destes curros teñen adosados un ou varios cortellos para o resgardo das crias."*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 100 22/4/21 21:59

No que respecta aos cortellos Ballesteros Arias (2004:34) escribe:

> *"Trátase de pequenas cuadras de propiedade particular, localizadas en torno ós chozos, destinadas a resgardar ós becerros, que, a diferencia dos chozos, son de propiedade particular.*
> *A súa construción é moi semellante á dos chozos, mesmo con alaceas interiores e con ventanucos, reproducindo, ás veces, o seu esquema constructivo. O chan está escavado por debaixo do nivel da superficie exterior, co obxectivo de deixar lugar para unha capa de toxo e distintos tipos de malezas naturais procedentes do monte, que serven como cama ós animais, que ás veces é cuberta cunha capa de palla para que os toxos non danen á cría do gando."*

Para rematar, o mestre e xeógrafo José Valverde (2015:45), que exerceu o maxisterio na parroquia covelense de Maceira, ofrécenos unha precisa descrición dos sesteiros:

> *"En la estación estival, el vacuno de la alta cuenca y el valle medio es conducido al Suído, donde pasa la temporada. Durante las horas de más calor, el ganado abandona los jugosos pastos de las hondonadas, huyendo del ataque de los insectos, y busca el fresco del sesteiro (de sestear). Todos los cerros del Suído están ocupados por sesteiros, obra conjunta de la naturaleza y el hombre. Cada lugar cuida y utiliza el suyo. Los pacíficos animales escalan, pese a su peso y aparente torpeza, las rocas más elevadas para gozar de la brisa."*

Por último faremos mención ás parideiras, unha pequena construción que Ballesteros Arias (2015:34), define como "destinadas únicamente ó resgardo das crías recén paridas".

A importancia da gandaría en Barcia de Mera mantívose ata o segundo terzo do século XX. Así o proba, por exemplo, unha noticia publicada no Faro de Vigo o 4 de xullo de 1939 onde se dá conta da "pérdida de una vaca en el monte Suído, preñada de ocho meses primeriza. Señas: acerada, algo rubia, cabeza bien hecha, astas blancas con la marca P en los dos cuadriles. Se ruega al que sepa paradero lo comunique a Miguel García, San Mauro, Barcia de Mera. Se le gratificará".



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 101 22/4/21 21:59

# 4-A TOPONIMIA DA PARROQUIA

## 4.1 A lexislación

Incluímos neste apartado unha síntese da lexislación básica que, desde hai moi poucos anos, protexe a toponimia no ámbito internacional, estatal e galego:

-RESOLUCIÓN IX/4 DA NOVENA CONFERENCIA DAS NACIÓNS UNIDAS SOBRE A NORMALIZACIÓN DOS NOMES XEOGRÁFICOS; New York en agosto de 2007

> *(…) considerando que os topónimos forman parte do patrimonio cultural inmaterial, alenta os organismos oficiais encargados da toponimia, entre outras cousas, para elaboraren un programa de salvagarda e promoción deste patrimonio, de conformidade co parágrafo 3 do artigo 2 e co artigo 18 da Convención.*

-LEI 10/2015 PARA A SALVAGARDA DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL

> *Artigo 2. Concepto de patrimonio cultural inmaterial. Terán a consideración de bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos, os individuos, recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural e, en particular: a) Tradicións e expresións orais, incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, así como a toponimia tradicional como instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos territorios.*

-LEI 5/2016 DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

> *Art. 3.3. Considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial para os efectos desta lei: A toponimia.*
> *Art. 68.2. A Xunta de Galicia velará, xunto con outras institucións da Comunidade Autónoma, pola preservación da toponimia tradicional, que se considera un valor identitario da Comunidade Autónoma así como un instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos pobos e dos seus bens.*
> *Art. 69.6. Na protección da toponimia, a Xunta de Galicia e as demais administracións implicadas inspirarán as súas actuacións nas indicacións e recomendacións dos organismos internacionais.*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 102 22/4/21 21:59

O obxectivo principal do noso traballo foi rescatar, transcribir e xeolocalizar en coordenadas WGS84 toda a toponimia histórica da parroquia de Barcia de Mera. O noso labor tamén serviu para adiantar a etimoloxía dos principais nomes de lugar, así como transcribir as etimoloxías populares que, no seu caso, están vivas na memoria dos e das informantes residentes na parroquia.

## 4.2 Clasificación do corpus de chamadeiros

Na actualidade existen distintos modelos de clasificación da toponimia. No presente traballo optouse por utilizar, con flexibilidade, a clasificación establecida por Martínez Lema (2010) na súa tese de doutoramento. Dentro de cada un destes grupos principais, establecemos, aínda, unha serie de subcategorías de tipo toposemántico, de xeito que os chamadeiros quedan subcategorizados en haxiotoponimia (nomes de lugar vinculados a santos), orotoponimia (alusiva ás características do solo), litotoponimia (onde ve a luz o trazo semántico 'pedra'), ecotoponimia (referido a construcións humanas), agrotoponimia (topónimos vinculados ás actividades agrarias e o aproveitamento do terreo) e hidrotoponimia (topónimos relacionados coa auga).

Engadimos, aínda, un apartado dedicado a antropotoponimia (os nomes de lugar derivados dun nome persoal), así como, a maiores, un apartado para aglutinar a zootoponimia[92] (referido a nomeadas de orixe animal).

Os chamadeiros compostos aparecen clasificadas segundo o seu sentido en tanto que unidade, non dos elementos que os compoñen por separado. Partindo da toponimia maior, ampliamos a análise ás nomeadas máis curiosas ou singulares de cada campo.

Organización toponímica:

— ***Orotopónimos:*** *O Coto, Os Ceos, O Outeiro, A Corcoveira, Redondo.*
— ***Agrotopónimos:*** *Os Eidos, Os Muros, O Portafurado.*
— ***Ecotopónimos:*** *A Alén, O Pazo, Os Seixedos, Vilanova.*
— ***Litotopónimos:*** *A Peneda.*
— ***Hidrotopónimos:*** *Mera, río Tea, río Caraño, río da Alén, A Tola.*
— ***Fitotopónimos:*** *A Carballeira, Carredás, Espiñeiro, A Panceira, As Pereiras, O Ucedo.*

92 En Barcia de Mera non existe toponimia maior deste tipo, de aí que os exemplos que estudamos se refiren todos eles á toponimia menor.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 103 22/4/21 21:59

— *Antropotopónimos:* *Caxil, Tatín*[93], *Locai*[94].
— *Zootopónimos*[95]*:* *As Curuxeiras, As Grallas, Os Miñotos.*
— *Haxiotopónimos:* *O San Amaro.*
— *Outros topónimos:* *Os Oleiros.*

## 4.3 O nome da parroquia

En relación a Barcia de Mera a Comisión de Toponimia da Real Academia Galega emitiu o seguinte informe:

"O nome da parroquia é unha locución constituída pola palabra Barcia, a preposición de e Mera, seguramente o nome antigo dalgún dos dous ríos que a regan, o Caraño e o Alén.

Barcia, galego moderno varcia 'terreo chan e fértil situado nas marxes dun río, que é frecuentemente anegado por este', é voz de etimoloxía dubidosa pero tida por precéltica e indoeuropea, quizais emparentada co vasco ibar 'veiga, val' ou proveniente dun étimo varcena ou varcina formado coa raíz hidronímica indoeuropea *awer 'humedecer, mollar, fluír'.

Mera é tamén hidrónimo prerromano emparentado con outros nomes de ríos como Mero, Mira, Miranda etcétera. Ese nome antigo do río consérvase tamén no dun dos núcleos de poboación da parroquia, Mera.

Tanto Barcia, con máis de 30 nomes de lugar formados coa palabra ou que a conteñen, coma Mera, máis de 10, son topónimos que se repiten en todo o territorio de Galicia.

Varcena de Mera rexístrase en textos en latín do mosteiro de Melón xa no século XII (ano 1.177) e atéstase abundantemente nos séculos posteriores en latín e en romance.

Parece que o nome da freguesía vacila entre Mera e Varcena de Mera durante toda a Idade Media: aínda a principios do século XIII é unha villa que uocitant Uarcena de Mera sub aula Sancti Martini (vila que chaman Barcia de Mera baixo a igrexa de San Martiño, ano 1201). Pero, se non antes, a finais deste século XIII encontramos xa o que logo se-

93 Nome de orixe xermánica derivada do xenitivo de Tatinus (villam Tatini): a vila de Tatinus. Corresponde a unha paraxe situada nas proximidades da Corcoveira nas coordenadas 42.26661, -8.40341
94 Nome de orixe xermánica derivada de Leocadius (villam Leocadi): a vila de Leocadio. Nome dunha paraxe situada nas proximidades da Corcoveira nas coordenadas 42.2661, -8.40566
95 Ningún deles dá nome a un núcleo de poboación.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 104 22/4/21 21:59

ría o nome actual da parroquia: sancti Martini de Varsea de Mera (ano 1292). Con todo, nun mesmo documento do ano de 1414 aínda a podemos ver mencionada tanto como Sancto Martino de Mera coma como Sancti Martini de Varcea de Mera.

A partir do século XV empezamos a rexistrar o primeiro elemento do topónimo escrito con B- inicial, Barcia. Esta grafía consolidouse e, fronte á voz común varcia recollida nos dicionarios, a Comisión de Toponimia admitiu que os nomes de lugar que a conteñen se grafen con B-, forma habitual desde hai cincocentos anos.

O nome da parroquia de Barcia de Mera, constituído por tres elementos identificables (a voz común varcia, a preposición de e o antigo nome do río, Mera) figura, nos documentos que puidemos consultar, ó longo da súa historia escrito coa segmentación moderna en tres palabras. Polo menos nos textos medievais e nos dos séculos XVII e posteriores. Só no século XVI e principios do XVII en que se utiliza a letra procesual encadeada, podemos chegar a dubidar de cal é a segmentación coa que o debemos de reproducir, aínda que a práctica dos séculos anteriores e posteriores parece que permiten confirmar que nada mudou e que o topónimo se entendía como Barcia de Mera.

É a partir do Nomenclátor de 1930 cando, e descoñecemos o motivo, se empeza a escribir o nome da parroquia como se se tratase dunha única palabra, Barciademera, e mesmo se rexistra de xeito erróneo, *Barciadenera, no de 1960 e 1970."

Atestacións documentais:

> *"...et de precio isto nichil apud vos remansit. habent ipsas hereditates jacentia una in Busto Covo, alia in Varcena de Mera, alia in Lordelu, alia in Parada Sardinaria, et nostro quinom de Petam. do vobis ipsas hereditates..."*
>
> *Mosteiro de Melón; Data: 1181. Fonte: Cambón Suárez*
>
> *"...uoci uestre; facimus uobis carta uendicionis de hereditate nostra que abemus in ripa de Tena in uilla que uocitant Uarcena de Mera sub aula Sancti Martini, nominata hereditate quarta de Casale de Quintalela, cum omnibus suis directuris uendimus uobis pro..."*
>
> *Mosteiro de Melón; Data: 1207. Fonte: Cambón Suárez*
>
> *"...et qui mulierem forzaverit usuque ad cap ducatis nobis duos modios de pane de Pardelas vel de Varcia de Mera, observetis cautum nostrum..."*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 105 22/4/21 21:59

*Mosteiro de Melón; Data: 1252-1284. Fonte: Cambón Suárez*

*"...noverint universi quod vacante ecclesia sancti Martini de Varsea de Mera per vacationem Fernandi Joanis quondam rectoris ejusdem. ego Joanes Suerii archipresbiter de Montibus in ecclesia tudensi reverendi patris domini..."*

*Mosteiro de Melón; Data: 1292. Fonte: Cambón Suárez*

*"...Melone cum conventu ejusdem loci, pro Dei amore damus et concedimus totam nostram portionem de ecclesia sancti Martini de Varcea de Mera; et damus uobis ipso nostro quinione de Monte Zelo, scilicet, ouctava de ipsa seara..."*

*Mosteiro de Melón; Data: 1414. Fonte: Cambón Suárez*

## 4.4 Os nomes dos núcleos de poboación

Se organizamos os chamadeiros dos lugares habitados de Barcia de Mera por tipoloxía e número, a táboa que obtemos é a que segue:






MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 106 22/4/21 21:59

A etimoloxía de cada unha destas nomeadas tradicionais, tamén coñecidas co nome de toponimia maior, é a que a continuación se relaciona:

- **Alén, A:** Estamos diante dun topónimo que fai referencia á posición relativa dun lugar habitado. Segundo Nicandro Ares (2013:1219) deriva do latín ad illinc, un adverbio que significa "máis alá, do outro lado", "pero tamén hai constancia dos antropónimos Allenius e Allenus". Ao noso xuízo a súa localización, do outro lado do río da Alén respecto do San Amaro –o núcleo principal de Barcia de Mera– fai verosímil a primeira das acepcións. No Nomenclátor de Galicia figura, por erro, sen artigo. En Galicia hai un total de 25 lugares habitados que inclúen o adverbio "Alén" no seu chamadeiro.

O Río da Alén recibe o seu nome por regar as terras de labor do núcleo homónimo.

- **Carballeira, A:** Tal e como apunta Gonzalo Navaza (2006: 160) "é abundantísima a presenza na toponimia do derivado carballeira, que ten uso vivo na fala co significado de «bosque de carballos»". Xa que logo a voz Carballeira sería o abundancial de carballo (Querqus robur), voz de orixe prerromana á que se lle engade o sufixo -eira. En consecuencia, A Carballeira é un fitotopónimo, isto é, un nome de lugar derivado dunha planta ou árbore común a 83 núcleos habitados do noso país segundo o NG.



*Peto de ánimas da Petanuda, situado no núcleo de Carredás*



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 107 22/4/21 21:59

- **Carredás:** O Carredás de Barcia de Mera é un topónimo único en Galicia, segundo o proxecto Galicia Nomeada (GN)[96]. O NG recolle o topónimo Carregás en Vilardevós e Verín, que sería abundancial de carrizo ou carriza (Pharagmites communis) unha planta herbácea da familia das gramíneas, ao igual que Carredás, Carrizal e Carregal.

- **Caxil:** O NG de Galicia destaca este topónimo como único en Galicia. Podería derivar do antropónimo Cagidus[97] en xenitivo (Villam Cagidi; a vila de Cagidus) ou, como sinala Nicandro Ares para o topónimo Caxín (2011: 1146), de Cassinus (Villam Cassidi; a vila de Cassidus), mudando o dobre –ss– en –x–. Xa que logo estaríamos diante dun antropotopónimo, isto é, dun nome de lugar que ten a súa orixe no nome dun posesor medieval suevo ou, en calquera caso, de orixe xermánica.

- **Ceos, Os:** O proxecto GN localiza dous topónimos homónimos en Galicia –ambos dando nome a terras de labor– nos concellos ourensáns de Toén e A Teixeira, pero ningún deles designando a lugares habitados[98]. A voz latina Caelu ou Caelum, que está na raíz do topónimo O Ceo, dá nome a entidades humanas situadas en 8 lugares ou núcleos de orografía chan de Casteláns (Covelo), Alxén (Salvaterra de Miño) ou Santa Baia de Mondariz (Mondariz). Xa que logo esta nomeada designaría en todos os casos un terreo chairo e sen desniveis que recordaría ao firmamento, isto é, ao espazo que se estende por riba das nosas cabezas, de apariencia plana. A esa mesma lóxica responde a expresión popular “o ceo da boca”, sinónimo de padal.

- **Corcoveira, A:** O dicionario da Real Academia Galega (en diante DRAG) define a voz corcova (lat. cucurvu) como unha “curvatura convexa esaxerada das costas ou do peito producida por unha desviación da columna vertebral ou do esterno”. En sentido amplo unha corcova é calquera tipo de lomba, carrela ou elevación, polo que o engadido do sufixo abundancial –eira viría subliñar ou enfatizar esta circunstancia oronímica. Segundo o NG[99] Corcoveira é un topónimo único en Galicia.

- **Coto, O:** Substantivo derivado da voz prerromana *cottu. O DRAG define esta voz como a “parte máis alta dun monte, que ten forma cónica”. Os tres eidos ou casas tradicionais (A Casa do Señor Avelino do Coto, a da Señora Dina do Coto e a da Señora María do Coto) que se localizan neste lugar próximo ás Pereiras érguense nunha pequena elevación que non responde exactamente á definición do dicionario, mais si se localizan

96 Consulta realizada o 25.01.2021.
97 Un códice do ano 773 compilado por P. Avelino de Jesús da Costa (ed) documenta este antropónimo. Livro Preto. Cartulário da Sé de Coimbra, Coimbra, Arquivo da Universidade de Coimbra, 1999.
98 Consulta realizada no NG o 25.01.2021.
99 Consulta realizada o 25.01.2021.



MAQUETA BARCIA DE MERA 160p.indd 108 22/4/21 21:59

nun pequeno cume xeográfico. Este topónimo non aparece no NG.

- Eidos, Os: Ausente tamén do NG, este nome de lugar identifica a paraxe na que se levantaron tres casas unicamente: A Casa do Sr. Manuel dos Eidos, a Casa de Pepe Lado e a Casa de Pilara dos Eidos. "La voz eido es trivial en Galicia y significa la casa o habitación propia de cada uno. Es su origen del puro latín aedes, aede" escribe o Padre Sarmiento (Colección 1746-1770). Os dicionarios actuais sepáranse de Sarmiento e definen eido como o "terreo cultivado, que pode estar entre as terras que rodean a casa ou non. Conxunto de terras que circundan unha casa". O profesor I. A. Estraviz sitúa a voz latina aditu na orixe do substantivo eido.

- Espiñeiro: Abundancial de espiño (lat. spinu) que, segundo Gonzalo Navaza (2006, pp. 244) "ten un significado xenérico que pode designar diversas especies botánicas". O topónimo Espiñeiro, que dá nome a 17 lugares habitados de Galicia segundo o NG, deriva da voz espiño + o sufixo -eiro (derivado do sufixo latino -ariu).

- Mera: O DRAG define este hidrónimo como "néboa espesa e miúda moi daniña para as plantas e os froitos por favorecer a aparición de fungos"; tamén como a "chuvisca que se desprende desta néboa". Eladio Rodríguez (1958-1961) apunta que "distínguese la MERA de la BRÉTEMA en que es generalmente más húmeda, más espesa y anda más a ras de tierra y por eso se la considera más dañina". Segundo o dicionario de Estraviz, mera deriva do grego moira.

En 1267 temos noticia de que o mosteiro de Melón[100] afora "essa nosa herdade que foy de noso casal de Varzea de Mera que chaman do Ryal quomo parte per agua que chaman de Marcos Aras et da outra parte quomo parte per la fonte de Moo et fere en rio de Mera". isto quere dicir que o que hoxe coñecemos como río da Alén, a mediados do século XIII era coñecido como río de Mera.

